

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

5867 *Real decreto 264/2021, do 13 de abril, polo que se aproban as normas técnicas de seguranza para as presas e os seus encoros.*

I

España conta cunha longa e intensa experiencia en normativa de presas e, en particular, sobre seguranza de presas e encoros. A evolución histórica da dita normativa, emanada da Administración pública competente en materia hidráulica, estivo influenciada e ditaminada ao longo dos tempos fundamentalmente pola evolución e desenvolvemento da técnica e da tecnoloxía, por exixencias e condicionantes da sociedade, así como por algún acontecemento catastrófico sufrido. Tal é así que, tras a rotura da presa de Ribadelago, acaecida no ano 1959, se creou a Comisión de Normas para Grandes Presas, que elaborou en 1960 unhas normas transitorias para grandes presas que no ano 1962 se transformaron na Instrución para o proxecto, construción e explotación de grandes presas, a cal finalmente foi aprobada pola Orde do Ministerio de Obras Públicas con data do 31 de marzo de 1967, norma que até hoxe segue parcialmente vixente. Posteriormente, en 1996, publicouse o Regulamento técnico sobre seguranza de presas e encoros, aprobado pola Orde do Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente do 12 de marzo de 1996, texto tamén vixente até hoxe para outras presas determinadas, en función da súa titularidade ou do seu ano de construción.

Por outra parte, é obrigado ter en conta a aprobación da Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, de protección civil, que estableceu un primeiro marco normativo de actuación para a protección civil, adaptado ao daquela nacente Estado autonómico.

Especial mención merecen as numerosas normas regulamentarias que se ditaron en materia de protección civil desde a entrada en vigor da Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, entre elas cabe destacar como máis relevantes e pola súa importancia a Norma básica de protección civil, aprobada polo Real decreto 407/1992, do 24 de abril, e a Norma básica de autoprotección, aprobada polo Real decreto 393/2007, do 23 de marzo. Deben citarse tamén diferentes plans de actuación ante emerxencias e directrices básicas de planificación, entre as que destacan a Directriz básica de planificación de protección civil ante o risco de inundacións, aprobada polo Acordo do Consello de Ministros do 9 de decembro de 1994 e publicada no «Boletín Oficial del Estado» do 14 de febreiro de 1995, que foi plenamente acollida no seu momento polo citado Regulamento técnico sobre seguranza de presas e encoros, aprobado pola Orde do Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente, do 12 de marzo de 1996.

Así mesmo, xunto ao anterior, deben terse en conta as recomendacións recollidas na Guía técnica para a elaboración dos plans de emerxencia, na Guía para a implantación do plan de emerxencia da presa, así como nos diferentes acordos aprobados pola Comisión Nacional de Protección Civil en materia de plans de emerxencia de presas e a súa implantación.

Máis recentemente, a Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema nacional de protección civil, actualiza a Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, que, no seu preámbulo, indica que resulta indispensable que todas as áreas da Administración asuman decididamente que deben prestar o seu concurso, cos medios e competencias de que dispoñan, para afrontar e superar as situacións de emerxencia, xa que afectan os bens xurídicos máis primarios e intereses xerais da maior relevancia. Estes obxectivos son os mesmos que, desde outro punto de vista competencial, perseguen as normas técnicas de seguranza de presas e encoros que se aproban mediante o presente real decreto.

Desde o punto de vista da lexislación de augas, a Lei 11/2005, do 22 de xuño, de modificación da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan hidrolóxico nacional, introduciu o artigo 123 bis no texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 xullo. O dito artigo, dedicado á seguranza de presas e encoros, dispón que, coa finalidade de protexer as persoas, o ambiente e as propiedades, o Goberno regulará mediante real decreto as condicións esenciais de seguranza que deben cumprir as presas e encoros, e establece as obrigacións e responsabilidades dos seus titulares, os procedementos de control da seguranza e as funcións que corresponden á Administración pública.

Dando cumprimento a este mandato, o Real decreto 9/2008, do 11 de xaneiro, introduciu no Regulamento do dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986 (en diante, Regulamento do dominio público hidráulico), o título VII. Este título, dedicado á seguranza de presas, encoros e balsas, establece as obrigacións e responsabilidades dos titulares, así como as funcións e labores das administracións competentes en materia de control da seguranza das presas, encoros e balsas. Establécese así un sistema de control de seguranza caracterizado pola intervención e control das administracións públicas competentes en todas as fases da vida das presas: proxecto, construción, posta en carga, explotación e posta fóra de servizo. O dito sistema descansa sobre dous piares fundamentais. En primeiro lugar, sobre a base das obrigacións exixidas ao titular da presa, definidas con precisión nas normas técnicas de seguranza, é importante destacar que as normas técnicas de seguranza que se aproben a partir dese momento afectarán, de acordo co artigo 367.1 do Regulamento do dominio público hidráulico, os titulares de presas e balsas de altura superior a 5 metros ou de capacidade de encoramento maior de 100.000 m³, tanto de titularidade pública como privada, isto marca unha notable diferenza en canto ao ámbito de aplicación do Regulamento técnico sobre seguranza de presas e encoros aprobado en 1996 cuxa aplicación se limita ás presas de titularidade estatal (Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e organismos autónomos dependentes del), así como aos titulares de concesións cuxo título se outorgase a partir do 1 de abril de 1996. En segundo lugar, mediante o control da seguranza como conxunto de actuacións que debe realizar a Administración pública competente para verificar que o titular cumpriu as exixencias establecidas nas normas técnicas de seguranza.

Entre as materias de control da seguranza de presas e encoros que recolle o título VII do Regulamento do dominio público hidráulico encóntrase a relativa ás entidades colaboradoras, que son definidas como aquelas entidades públicas ou privadas que, mediante a obtención do título correspondente, quedan autorizadas a colaborar coa Administración pública competente nos labores de control, de carácter técnico especializado, relativos á seguranza de presas e encoros. Na actualidade, coincidindo coa aprobación das normas técnicas de seguranza de presas e encoros, cobra sentido esa figura, prevista na norma regulamentaria e até agora non desenvolvida, que se revela como un instrumento que poderá proporcionar axilidade e un nivel técnico elevado ao servizo dos titulares das presas, así como da Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros, polo que neste real decreto se establecen algunhas prescricións complementarias sobre elas, sen prexuízo de que, mediante orde do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, se complete o seu desenvolvemento.

Coa aprobación desta norma regulamentaria no ano 2008, España alíñase cos esforzos realizados por numerosos países da nosa contorna nos últimos anos. Tal e como recollen os traballos do Club Europeo da Comisión Internacional de Grandes Presas (ICOLD), que cada ano actualiza os avances europeos na materia, países como Alemaña (2004), Finlandia (2009), Francia (2007), Italia (2014), Noruega (2010), Portugal (2007) ou Suecia (2014) actualizaron a súa normativa de seguranza de presas. Tamén moi recentemente, entre 2011 e 2016, as principais axencias federais norteamericanas con potestade en seguranza de presas fixeron importantes actualizacións nas súas políticas de avaliación e xestión destas infraestruturas, co que se puido constatar a importancia que a nivel europeo e global se está outorgando á seguranza de presas e encoros ao longo do

seu ciclo de vida. Avanzan tamén na materia outros países como Brasil ou A India, o que pon de manifesto a crecente atención, a nivel mundial, sobre as cuestións relacionadas coa seguranza destas infraestruturas.

Por outra parte, é obrigado mencionar a Lei 8/2011, do 28 de abril, pola que se establecen medidas para a protección das infraestruturas críticas, como prioridade estratéxica da seguranza nacional, e dentro das cales se encontran moitas presas de titularidade estatal ou privada, así como o Real decreto 704/2011, do 20 de maio, polo que se aproba o Regulamento de protección das infraestruturas críticas. Debido a que esas infraestruturas están expostas a importantes ameazas potenciais, para a súa protección, para deseñar un plan de prevención e protección acorde e eficaz fronte a esas ameazas potenciais, tanto no plano da seguranza física como no da seguranza das tecnoloxías da información e das comunicacións, faise imprescindible catalogar cales prestan servizos esenciais á nosa sociedade. A Secretaría de Estado de Seguranza do Ministerio do Interior elaborou un primeiro Plan nacional de protección das infraestruturas críticas no ano 2007 e un Catálogo nacional de infraestruturas estratéxicas. Así mesmo, con data do 2 de novembro de 2007 o Consello de Ministros aprobou o Acordo sobre protección de infraestruturas críticas, mediante o cal se deu un impulso decisivo na dita materia. O desenvolvemento e aplicación deste acordo supón un avance cualitativo de primeira orde para garantir a seguranza dos cidadáns e o correcto funcionamento dos servizos esenciais.

Así mesmo, cómpre facer mención do Real decreto lei 12/2018, do 7 de setembro, de seguranza das redes e sistemas de información, que regula a seguranza na prestación de servizos esenciais no ámbito das tecnoloxías da información e da comunicación, incluídos os sectores estratéxicos regulados na Lei 8/2011, do 28 de abril.

En España, debido á súa peculiar climatoloxía, que orixina un réxime de precipitacións moi irregular no tempo e no espazo, foi tradicional a construción de presas e encoros e na actualidade o total de presas de auga construídas supera a cifra de mil trescentas, o que nos converte no país europeo con máis obras hidráulicas de tales características, cunha densidade de 2,4 presas por 1.000 km², e unhas 30 presas por millón de habitantes. A este importante número de presas en explotación engádeselle na actualidade o seu progresivo envellecemento técnico e estrutural; construídas a maior parte delas entre os anos 1955 e 1970, a súa idade media sitúase actualmente arredor dos 55 anos e un 48% delas ten unha idade superior aos 50 anos. Ante esas elevadas cifras precísase unha intensificación dos labores de vixilancia e de mantemento e conservación para efectos de que poidan seguir prestando o servizo para o cal foron proxectadas e construídas, nas debidas condicións de seguranza e funcionalidade, necesidade que xa foi apuntada no artigo 36.2 da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan hidrolóxico nacional: «Na elaboración da programación de investimentos públicos en obras hidráulicas deberase establecer un equilibrio adecuado entre os investimentos destinados á realización de novas infraestruturas e os que se destinen a asegurar o adecuado mantemento das obras hidráulicas existentes e a minimizar os seus impactos na contorna en que se localizan».

Así mesmo, cómpre lembrar que a tradición lexislativa en España en materia de aproveitamentos da auga tanto para a produción de enerxía eléctrica como para outros usos descansa no réxime concesional, que exige a obtención dun título xurídico adecuado e suficiente. O dito título para acceder ao uso privativo dos bens de dominio público é a concesión administrativa. As concesións outorgadas pola Administración caracterizáronse polos seus prolongados prazos de vixencia, que pasan das concesións a perpetuidade da Lei do 13 de xuño de 1879 aos prazos máis modernos dos reais decretos do 14 de xuño de 1921 (65 anos) e do 10 de outubro de 1922 (75 anos), sen esquecer o prazo de 99 anos establecido neste último real decreto para aqueles aproveitamentos en que resulte beneficiado o interese xeral.

Como consecuencia do exposto véñse producindo na actualidade a terminación dos prazos concesionais establecidos a partir de 1921 e con eles a extinción do dereito ao aproveitamento, principalmente no sector hidroeléctrico, por parte dos seus titulares. Cómpre lembrar que estes aproveitamentos acostuman estar ligados a unha presa e ao seu encoro polo que é preciso prestar atención á seguranza desas infraestruturas. Deste

modo, corresponde ao presente real decreto establecer de forma máis clara ca o disposto no Regulamento técnico sobre seguranza de presas e encoros, aprobado pola Orde do Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente do 12 de marzo de 1996, as exixencias de seguranza que debe cumprir o concesionario, como titular das citadas infraestruturas, non só durante os primeiros tempos de explotación senón tamén durante a vixencia da concesión e, por suposto, no momento en que o aproveitamento, unha vez extinguido o dereito concesional, reverte na Administración, para a súa posterior utilización e explotación nos termos previstos no artigo 132.2 do Regulamento do dominio público hidráulico ou outras formas de explotación que poidan arbitrarse normativamente no futuro. Esta previsión, para todos os aspectos relativos á extinción das concesións, xa se encontra establecida no artigo 162.2 da citada norma regulamentaria.

II

O título VII do Regulamento do dominio público hidráulico será de aplicación, segundo o seu artigo 356, ás presas, balsas e encoros que, en función das súas dimensións, estean clasificados como grandes presas e a aqueles que, aínda non sendo grandes presas, a súa rotura ou funcionamento incorrecto pode afectar gravemente núcleos urbanos ou servizos esenciais, ou un número reducido de vivendas ou producir danos materiais ou ambientais moi importantes ou importantes.

O capítulo IV do citado título regula o réxime xurídico relativo á seguranza de presas, encoros e balsas. En particular, o artigo 364 refírese ás normas técnicas de seguranza de presas e encoros, e indica que serán aprobadas mediante real decreto, logo de informe da Comisión Técnica de Seguranza de Presas e da Comisión de Normas para Grandes Presas, que establecerán as exixencias mínimas de seguranza das presas e encoros, graduándoas segundo a súa clasificación, e que determinarán os estudos, comprobacións e actuacións que o titular debe realizar e formalizar en cada unha das fases da vida da presa, entendendo que «as exixencias de seguranza son aquelas condicións que deben cumprir as presas e encoros en todas as súas fases. O criterio básico para determinar as exixencias de seguranza será o risco potencial que poida derivar da rotura ou do funcionamento incorrecto desta, avaliado no proceso de clasificación da presa».

Coa finalidade de redactar as normas técnicas de seguranza de presas, encoros e balsas, a Orde AAA/1266/2015, do 25 de xuño, aproba a creación da Comisión de Normas para Grandes Presas. Ben que a súa creación propiamente dita tivo lugar mediante a Orde do daquela Ministerio de Obras Públicas do 15 de xaneiro de 1959, coa misión de redactar as instrucións técnicas para o proxecto, construción e explotación de presas e encoros, o tempo transcorrido desde aquelas datas fixo necesario dotar a Comisión dun réxime xurídico plenamente adaptado á lexislación administrativa vixente, dando paso á actual Comisión de Normas para Grandes Presas. A Comisión está adscrita ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico a través da Dirección Xeral da Auga, como órgano consultivo e de asesoramento técnico en relación coa seguranza en materia de presas e encoros. Entre as súas funcións encóntrase a elaboración de propostas sobre as normas técnicas de seguranza de presas, encoros e balsas, así como o asesoramento técnico en materia de seguranza relacionado co proxecto, construción e explotación de presas e encoros, cando lle sexa requirido pola Dirección Xeral da Auga ou órgano que nun futuro poida asumir as súas competencias.

A este respecto, non pode descoñecerse o labor realizado desde a súa orixe e durante décadas pola Comisión de Normas para Grandes Presas con relación ao estudo e exame de numerosos problemas relacionados coa seguranza das presas, nin as funcións desenvolvidas que sempre estiveron destinadas ao exame e proposta de reforma da normativa de carácter técnico.

As propostas de normas técnicas de seguranza para presas e encoros cuxa aprobación se propón foron redactadas pola Comisión de Normas para Grandes Presas, cumprindo así co encargo que lle efectuou o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico a través da Dirección Xeral da Auga.

Segundo o establecido no Regulamento do dominio público hidráulico, as normas técnicas de seguranza que se aproban son as seguintes:

- a) Norma técnica de seguranza para a clasificación das presas e para a elaboración e implantación dos plans de emerxencia de presas e os seus encoros.
- b) Norma técnica de seguranza para o proxecto, construción e posta en carga de presas e enchedura dos seus encoros.
- c) Norma técnica de seguranza para a explotación, revisións de seguranza e posta fóra de servizo de presas.

A aprobación das normas técnicas de seguranza de presas, encoros e balsas establécese en dúas fases. Unha primeira, a que responde o presente real decreto, mediante o cal se aproban as normas técnicas de seguranza relativas ás presas e os seus encoros, e unha segunda na cal, mediante outro real decreto, se aprobarán as normas técnicas de seguranza relativas ás balsas. Esta dobre regulación das normas técnicas de seguranza responde tanto a consideracións de carácter técnico como a cuestións de carácter competencial e organizativo que tivo que valorar a Administración propoñente.

Respecto ás consideracións de carácter técnico, cómpre atender ao feito de que as presas e as balsas son estruturas esencialmente diferentes. Fisicamente, unha presa corta o discorrer dun leito natural que alimenta o encoro, que así se crea con augas procedentes das precipitacións que teñen lugar en toda a bacía hidrográfica vertente, mentres que unha balsa se encontra fóra de calquera leito natural e aliméntase, xeralmente, mediante o bombeo de augas subministradas desde un caudal ou un leito inferiores. Outro condicionamento técnico que marca a diferenciación entre presas e balsas é que o requirimento máis importante que ten unha presa en materia de seguranza é que debe ser capaz de xestionar a maior enchente que, cunha certa probabilidade, poida vir polo leito sen que se verta auga por encima dela. Nunha balsa nunca se dá este suposto e a inestabilidade do seu dique de peche é, xeralmente, o seu modo de fallo máis probable.

Por outra parte, en canto ás cuestións de carácter competencial e organizativo, hai que distinguir unha cuestión fundamental que determina o distinto tratamento de presas e balsas, que é a súa situación nun leito, o cal ten como consecuencia a súa vinculación ao dominio público hidráulico e á atribución de competencias respecto ao dito dominio establecida pola Constitución, cuxa xestión da súa seguranza corresponde a administracións diferentes. Neste sentido, o criterio máis correcto e adecuado para tratar nas normas técnicas de seguranza tanto presas como balsas era o de separalas, de forma que un grupo de normas trate aquelas infraestruturas que responden á definición de presas, é dicir, aquelas que están localizadas en leitos, e outro, ás non situadas sobre leitos, as balsas. Esta diferenciación dará lugar, polo tanto, á aprobación de dous reais decretos diferenciados.

Por todo o exposto, e para dar cumprimento ao mandato contido no artigo 364 do Regulamento do dominio público hidráulico, nos termos expostos, o presente real decreto ten por obxecto a aprobación das normas técnicas de seguranza de presas e encoros que, unha vez aprobadas, constituirán, no ámbito das presas, a normativa vixente en materia de seguranza de presas e encoros que se aplicará, que unifica nela toda a normativa até agora en vigor e dá fin á situación de transitoriedade en que coexistían distintas normas con diferentes exixencias e distintos niveis de seguranza.

En relación co anterior, cómpre destacar que os criterios de seguranza recollidos na Norma técnica de seguranza para o proxecto, construción e posta en carga de presas e enchedura dos seus encoros son obrigatorios para a redacción dos novos proxectos que teñan lugar a partir da entrada en vigor das normas técnicas de seguranza que este real decreto aproba e, ao mesmo tempo, constitúen un marco de referencia obrigatorio para as presas existentes xunto coa historia do comportamento da presa que se encontra en explotación. O titular da presa, tendo en conta o comportamento coñecido da presa, terá liberdade para acercarse, da maneira que considere máis oportuna e xustificada, a eses estándares de seguranza.

O sistema que establece a Norma técnica de seguranza para a explotación, revisións de seguranza e posta fóra de servizo de presas respecto das que se encontran en fase de explotación descansa sobre a necesidade de realizar as revisións de seguranza que esta establece. Co resultado desas revisións e tendo en conta tanto a historia de explotación da presa como o seu comportamento, considerouse que o titular da presa ten os elementos de xuízo necesarios para adoptar as medidas de seguranza precisas, podendo aplicar os criterios de seguranza da Norma técnica 2 e os estándares de seguranza nela previstos.

As normas técnicas de seguranza que se aproban foron obxecto de informe por parte do Consello Nacional de Protección Civil que, de acordo coa Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema nacional de protección civil, é o órgano de cooperación en materia de protección civil da Administración xeral do Estado, das administracións das comunidades autónomas, das cidades con estatuto de autonomía e da Administración local. O dito Consello Nacional ten por finalidade contribuír a unha actuación eficaz, coherente e coordinada das administracións competentes fronte a emerxencias. Funciona en pleno e en comisión permanente. Deste modo, o informe preceptivo sinalado no artigo 364 do Regulamento do dominio público hidráulico, introducido polo Real decreto 9/2008, do 11 de xaneiro, debe entenderse atribuído actualmente ao Consello Nacional de Protección Civil.

As normas técnicas de seguranza foron obxecto de informe, igualmente, por parte da Comisión de Normas para Grandes Presas creada pola Orde AAA/1266/2015, do 25 de xuño, que realizou a proposta-informe sobre elas.

De igual modo, o Consello Nacional da Auga emitiu informe sobre o proxecto de real decreto e as normas que aproba a través do procedemento escrito previsto no artigo 10.3 do Real decreto 1383/2009, do 28 de agosto, polo que se regula a composición, estrutura orgánica e funcionamento do Consello Nacional da Auga. O procedemento escrito desenvolveuse de acordo co procedemento establecido e o informe preceptivo emitiuse o 6 de outubro de 2020.

Así mesmo, solicitáronse os informes preceptivos previstos no artigo 26 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno; informe competencial do Ministerio de Política Territorial e Función Pública e aprobación previa deste, así como os informes da Oficina de Coordinación e Calidade Normativa do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática e da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio do Interior.

III

En cumprimento do previsto nos artigos 26.2 e 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, o proxecto de real decreto foi sometido ao procedemento de consulta pública, así como ao de audiencia e información pública, e adecúase aos principios de boa regulación a que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas; necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguranza xurídica, transparencia e eficiencia. Neste sentido, o principio de necesidade ten a súa razón de ser no interese xeral de garantir a seguranza das persoas, o ambiente e os bens mediante a aprobación das normas técnicas de seguranza de presas e encoros, cuxo cumprimento redundará nunha garantía de seguranza para todos os cidadáns.

Pola súa parte, o principio de eficacia cúmprese coa aprobación das ditas normas mediante real decreto, ao ser o instrumento adecuado para isto, e está previsto desta forma no artigo 123 bis do texto refundido da Lei de augas, que establece que as normas técnicas deberán ser aprobadas mediante real decreto.

Así mesmo, cúmprese o principio de proporcionalidade dado que as obrigacións impostas pola norma son as necesarias para cumprir coas condicións esenciais de seguranza con que deben contar as presas e encoros. Neste sentido, cómpre destacar que as normas técnicas de seguranza foron elaboradas pola Comisión de Normas para Grandes Presas, órgano consultivo e de asesoramento técnico en relación coa seguranza

en materia de presas e encoros conformado por persoas con grande experiencia na materia.

Respecto ao principio de seguranza xurídica, é necesario destacar que o presente real decreto ten por obxecto a aprobación das normas técnicas de seguranza de presas e encoros que, unha vez aprobadas, constituirán, no ámbito das presas, a normativa vixente en materia de seguranza de presas e encoros que se aplicará, que unifica nela toda a normativa até agora en vigor e dá fin á situación de transitoriedade en que coexistían distintas normas con diferentes exixencias e distintos niveis de seguranza.

En relación co principio de transparencia, como xa se sinalou, durante a elaboración do proxecto a norma someteuse aos procesos de información e consulta públicas previstos na Lei 50/1997, do 27 de novembro.

Por último, respecto ao principio de eficiencia, ben que coa aprobación da presente norma se produce un incremento nas cargas administrativas, en ningún caso son cargas accesorias ou innecesarias, senón ao contrario, imprescindibles, pois trátase dunha materia tan sumamente importante como é a seguranza das presas. Neste sentido, cabe destacar que o mantemento e vixilancia da seguranza das presas é o principal piar para evitar posibles accidentes que poidan ocorrer e cuxas consecuencias poden chegar a ter grande importancia, non só economicamente. Por isto, as cargas administrativas que poidan derivar da aprobación da presente norma son imprescindibles para o adecuado mantemento das condicións de seguranza.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 123 bis do texto refundido da Lei de augas aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, e do artigo 364 do Real decreto 849/1986, do 11 de abril, así como ao abeiro do título competencial previsto no artigo 149.1.22.^a e 23.^a da Constitución, que indica que o Estado ten competencia exclusiva sobre a lexislación, ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos cando as augas discorran por máis dunha comunidade autónoma e de lexislación básica sobre protección do ambiente respectivamente, así como ao abeiro do artigo 149.1.29.^a, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de seguranza pública.

Na súa virtude, por proposta conxunta da ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e do ministro do Interior, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de abril de 2021,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. O presente real decreto ten por obxecto aprobar as normas técnicas de seguranza das presas e os seus encoros que se enumeran a continuación:

- a) Norma técnica de seguranza para a clasificación das presas e para a elaboración e implantación dos plans de emerxencia das presas e os seus encoros.
- b) Norma técnica de seguranza para o proxecto, construción e posta en carga das presas e enchedura dos seus encoros.
- c) Norma técnica de seguranza para a explotación, revisións de seguranza e posta fóra de servizo das presas e os seus encoros, que se incorporan como anexos ao presente real decreto coa seguinte numeración:

Anexo I. Norma técnica de seguranza para a clasificación das presas e para a elaboración e implantación dos plans de emerxencia de presas e os seus encoros.

Anexo II. Norma técnica de seguranza para o proxecto, construción e posta en carga das presas e enchedura dos seus encoros.

Anexo III. Norma técnica de seguranza para a explotación, revisións de seguranza e posta fóra de servizo de presas.

2. As normas técnicas de seguranza contidas neste real decreto, en canto exixencias mínimas de seguranza das presas e os seus encoros e cuxa finalidade é a de protexer as persoas, o ambiente e as propiedades, serán de obrigado cumprimento nas distintas fases da vida das presas situadas en territorio español.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto será de aplicación a aquelas infraestruturas situadas en leitos que respondan ás definicións de presa ou encoro contidas no artigo 357 a) e e) do Regulamento do dominio público hidráulico e teñan a consideración de grandes presas, segundo se establece no artigo 358.a) do Regulamento do dominio público hidráulico, con independencia da categoría (A, B ou C). Tamén será de aplicación a aquelas infraestruturas que teñan a consideración de pequenas presas que fosen clasificadas nas categorías A ou B segundo ese mesmo artigo 358.b).

2. Sen prexuízo do establecido no número anterior, ás pequenas presas de categoría C seralles de aplicación o artigo 4.

3. Os titulares das presas incluídas no ámbito de aplicación deste real decreto estarán obrigados, con carácter xeral, a cumprir as obrigacións relacionadas co proxecto, construción, posta en carga, explotación, revisións de seguranza e posta fóra de servizo das presas a que se refiren as normas técnicas de seguranza dos anexos II e III.

4. Exceptúanse da aplicación do presente real decreto as balsas, cuxas normas técnicas de seguranza serán igualmente aprobadas por real decreto, para efectos de dar cumprimento ao citado artigo 364 do Regulamento de dominio público hidráulico.

Artigo 3. *Fases da vida dunha presa e criterios para a súa determinación.*

1. De acordo co establecido no artigo 359 do Regulamento do dominio público hidráulico, enténdense por fases na vida da presa as distintas situacións que se diferencian no seu desenvolvemento e utilización. Ao longo da vida da presa poden coincidir no tempo actividades que dean lugar a que, en determinados casos, non exista unha diferenciación clara entre fases e se produzan solapamentos entre elas, polo que se deberá establecer, en xeral, a fase, con base no criterio dado pola actividade principal e a súa situación administrativa.

2. En función da actividade principal desenvolvida durante o período correspondente, as fases na vida das presas denomínanse: proxecto, construción, posta en carga, explotación e posta fóra de servizo.

Artigo 4. *Obrigación de solicitar a clasificación das presas e a súa inscrición no Rexistro de Seguranza de Presas e Encoros.*

1. Os titulares das presas e encoros a que se refire o artigo 367.1 do Regulamento do dominio público hidráulico están obrigados a solicitar a clasificación das ditas infraestruturas atendendo ao dobre criterio da súa dimensión e en función do risco potencial derivado da súa rotura ou funcionamento incorrecto. Para tal efecto, presentarán ante a Administración hidráulica competente, en función da demarcación hidrográfica onde se sitúen a presa e o encoro, unha proposta de clasificación que estará xustificada de acordo cos criterios establecidos na «Norma técnica de seguranza para a clasificación das presas e para a elaboración e implantación dos plans de emerxencia de presas e encoros» contida no presente real decreto.

2. De acordo co establecido no artigo 358 do Regulamento de dominio público hidráulico, os criterios para a clasificación das presas son os seguintes:

a) En función das súas dimensións, distínguense grandes presas e pequenas presas. Considérase gran presa aquela cuxa altura é superior a 15 metros e a que, tendo unha altura comprendida entre 10 e 15 metros, teña unha capacidade de encoramento superior a 1 hectómetro cúbico.

Considérase pequena presa aquela que non cumpre as condicións de gran presa.

b) En función do risco potencial que poida derivar da súa posible rotura ou funcionamento incorrecto, clasifícanse nunha das tres categorías seguintes:

Categoría A: presas cuxa rotura ou funcionamento incorrecto pode afectar gravemente núcleos urbanos ou servizos esenciais, ou producir danos materiais ou ambientais moi importantes.

Categoría B: presas cuxa rotura ou funcionamento incorrecto pode ocasionar danos materiais ou ambientais importantes ou afectar un número reducido de vivendas.

Categoría C: presas cuxa rotura ou funcionamento incorrecto pode producir danos materiais de moderada importancia e só incidentalmente perda de vidas humanas. En todo caso, a esta categoría pertencerán todas as presas non incluídas nas categorías A ou B.

3. Os titulares de pequenas presas clasificadas na categoría C estarán obrigados cada cinco anos a valorar se procede revisar a súa clasificación atendendo a novas condicións de perigosidade augas abaixo e a comunicar á Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros a conclusión da dita valoración.

4. Do mesmo modo, os titulares das presas e encoros a que se refire o artigo 367.1 do Regulamento do dominio público hidráulico están obrigados a solicitar a súa inscrición no Rexistro de Seguranza de Presas e Encoros a que se refire o artigo 363 do Regulamento de dominio público hidráulico. No dito rexistro deberá figurar o título que os habilita para construír ou explotar a presa e lles confire a condición de titulares dela.

Artigo 5. *Obrigatoriedade dos plans de emerxencia.*

Para os efectos deste real decreto, as presas e encoros clasificados nas categorías A ou B deberán contar co correspondente plan de emerxencia da presa, elaborado e implantado de acordo coas prescricións contidas na «Norma técnica de seguranza para a clasificación das presas e para a elaboración e implantación dos plans de emerxencia de presas e os seus encoros».

Artigo 6. *Obrigatoriedade das normas de explotación.*

Os titulares de grandes presas, así como os das pequenas presas clasificadas nas categorías A e B, están obrigados a redactar, implantar e garantir o cumprimento das normas de explotación da presa e do encoro de acordo coas prescricións establecidas na «Norma técnica de seguranza para a explotación, revisións de seguranza e posta fóra de servizo de presas» conforme o establecido no artigo 362.2.d) do Regulamento do dominio público hidráulico.

Artigo 7. *Prevalencia da seguranza durante todas as fases da vida da presa.*

1. Os criterios derivados da seguranza da presa e encoro prevalecerán sobre calquera outro criterio de tipo técnico, ambiental ou operacional que poida entrar en conflito durante todas as fases da súa vida; e será responsabilidade do titular o cumprimento dos criterios recollidos nas normas técnicas de seguranza.

2. Calquera información das presas sometidas ao ámbito de aplicación da Lei 8/2011, do 28 de abril, pola que se establecen medidas para a protección das infraestruturas críticas, ten a condición de sensible, polo que os seus titulares poderán denegar, sen xustificación previa, o acceso a calquera documentación relativa a aspectos que entendan que poden ter esa consideración: mecanismos de accionamento de comportas, sistemas de comunicacións, accesos ás instalacións, datos de tipo técnico ou calquera outro relativo á infraestrutura ou ás súas instalacións auxiliares.

Artigo 8. *Entidades colaboradoras en materia de seguranza de presas e os seus encoros.*

1. Mediante orde da ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico estableceranse as condicións e o procedemento para obter e renovar o título de entidade

colaboradora, as actividades a que se pode estender a súa colaboración, así como as facultades e competencias do seu persoal e o seu ámbito funcional de actuación.

2. En todo caso, as entidades colaboradoras deberán acreditarse conforme a Norma UNE-EN ISO/IEC 17020: 2012. «Avaliación da conformidade. Requisitos para o funcionamento de diferentes tipos de organismos que realizan a inspección» ou a que no futuro a substitúa.

3. O ámbito territorial de actuación das entidades colaboradoras será nacional, con base nas competencias do Estado en materia de seguranza pública, acoutadas á protección civil. Nas bacías intracomunitarias, as comunidades autónomas que asumisen a súa xestión de modo efectivo poderán establecer a organización e procedementos que consideren necesarios para regular a forma de actuar das entidades colaboradoras dentro do ámbito das súas competencias. Ao exercer a súa potestade normativa neste ámbito, as comunidades autónomas deberán respectar os requisitos técnicos exixidos como imprescindibles, na orde ministerial a que se refire o número 1, para que unha entidade colaboradora poida desenvolver a súa actividade. Neste suposto, o ámbito de aplicación das entidades colaboradoras quedará limitado ao territorio da respectiva comunidade autónoma.

4. No ámbito da Administración xeral do Estado, as entidades colaboradoras en materia de seguranza de presas e encoros deberán inscribirse no Rexistro de Entidades Colaboradoras da Administración Hidráulica do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, creado mediante a Orde MAM/985/2006, do 23 de marzo, pola que se desenvolve o réxime xurídico das entidades colaboradoras da Administración hidráulica en materia de control e vixilancia de calidade das augas e de xestión das verteduras ao dominio público hidráulico.

Artigo 9. Obrigacións do titular dunha presa vinculada a un aproveitamento outorgado mediante concesión ou autorización.

1. Ademais das exixencias establecidas no artigo 367 do Regulamento do dominio público hidráulico, os titulares de concesións e aqueles que sexan titulares dun dereito que permita o uso privativo das augas, tanto para o aproveitamento hidroeléctrico destas como para outro uso, estarán obrigados a cumprir as exixencias de seguranza da presa e o seu encoro contidas neste real decreto e, especificamente, as obrigacións recollidas nas normas técnicas de seguranza de presas e encoros.

2. En particular, co fin de garantir que a reversión gratuíta e libre de cargas das instalacións ao Estado se produce en condicións de seguranza óptimas, estarán obrigados a presentar ante a Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros, un ano antes da data en que se vaia producir a extinción do seu dereito, a documentación acreditativa da realización da revisión xeral de seguranza de presa e encoro prevista nos números 27, 29, 30, 31, 32 e 33 da «Norma técnica de seguranza para a explotación, revisións de seguranza e posta fóra de servizo das presas e os seus encoros», que se encontra recollida no anexo III do presente real decreto. Na aplicación deste artigo terase en conta o previsto na disposición transitoria terceira deste real decreto.

Adicionalmente, deberán presentar a documentación exixible pola lexislación vixente no momento do outorgamento da concesión, así como a derivada do cumprimento das obrigacións que ao longo da vida da concesión corresponden ao titular, de acordo coa normativa aplicable en materia de seguranza de presas e encoros.

3. A Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros, tendo en conta a documentación achegada, imporá ao titular as condicións e exixencias que sexan precisas para garantir que se cumpren as exixencias de seguranza da presa e do encoro no momento de extinguirse a concesión. Para tal efecto, será de aplicación o disposto no artigo 162.2 do Regulamento do dominio público hidráulico, de modo que na resolución que poña fin ao expediente de extinción da concesión sexan recollidas, pola Administración hidráulica competente, as conclusións da revisión xeral de seguranza da presa presentada e as medidas que, se for o caso, debe adoptar o titular da presa.

Artigo 10. *Aplicación do réxime sancionador da Lei de augas.*

1. O incumprimento das exixencias de seguranza establecidas en cada unha das normas técnicas para as diferentes fases da vida da presa, así como o relativo ás obrigacións establecidas no presente real decreto, darán lugar á aplicación do réxime sancionador previsto no título VII do texto refundido da Lei de augas e no título V do Regulamento do dominio público hidráulico.

2. Para efectos do disposto no número anterior, a Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros na súa actividade de control levará a cabo campañas de inspección das presas, co fin de comprobar que os seus titulares cumpren coas obrigacións impostas neste real decreto e nas normas técnicas de seguranza que el mesmo aproba, así como as xerais establecidas no título VII do Regulamento do dominio público hidráulico.

Disposición adicional primeira. *Informe do Ministerio de Defensa.*

Cando, como consecuencia do previsto neste real decreto, resulten afectados terreos, edificacións e instalacións afectos á defensa nacional ou en que se constitúan zonas de interese para a defensa nacional ou zonas de seguranza de instalacións militares ou civís declaradas de interese militar, solicitarase informe preceptivo ao Ministerio de Defensa, que terá carácter vinculante no que afecte os intereses da defensa nacional.

Disposición adicional segunda. *Determinación da capacidade técnica suficiente para realizar as funcións previstas nas normas técnicas de seguranza de presas.*

O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, coa participación dos ministerios correspondentes, levará a cabo, no prazo máximo de dezaioito meses, o estudo necesario para determinar as titulacións académicas que capacitan para desempeñar as actividades e funcións de carácter técnico establecidas nas normas técnicas de seguranza de presas e os seus encoros que figuran nos anexos I, II e III deste real decreto.

Disposición transitoria primeira. *Clasificación realizada, tramitada ou non iniciada con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto.*

1. As presas que no momento da entrada en vigor do presente real decreto se encontren clasificadas, en función do risco potencial derivado da súa rotura ou funcionamento incorrecto, en virtude de disposicións anteriores, manterán a dita clasificación, ben que os seus titulares estarán obrigados a someter novamente a estudo a adecuación desta nun prazo máximo de cinco anos para todas as categorías. Para isto, nas presas clasificadas nas categorías B e C, os seus titulares remitirán á Administración un informe técnico en que se xustifique que a presa segue merecendo a mesma clasificación ou que, polo contrario, a súa clasificación debe ser modificada.

2. Os expedientes relativos á aprobación da clasificación iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto e non resoltos resolveranse de acordo coas exixencias da normativa vixente no momento da solicitude, ben que os seus titulares estarán obrigados a estudar novamente a clasificación obtida no prazo máximo de cinco anos.

3. Os titulares das presas, a que se refire o artigo 367 do Regulamento de dominio público hidráulico, que no momento da entrada en vigor do presente real decreto non se encontren clasificadas en función do risco potencial derivado da súa rotura ou funcionamento incorrecto estarán obrigados a presentar ante a Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros, no prazo máximo dun ano, proposta de clasificación, sen prexuízo dos procedementos sancionadores xa iniciados e que se encontren en fase de tramitación.

Disposición transitoria segunda. *Plans de emerxencia anteriores á entrada en vigor do presente real decreto.*

1. Os titulares das presas que no momento da entrada en vigor do presente real decreto se encontren clasificadas nas categorías A ou B e contén cun plan de emerxencia aprobado pola Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros manterán a dita aprobación.

2. Os expedientes relativos á aprobación dos plans de emerxencia iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto resolveranse de acordo coas exixencias da normativa vixente no momento da solicitude.

3. Os titulares das presas que no momento da entrada en vigor do presente real decreto se encontren clasificadas nas categorías A ou B en virtude das disposicións xurídicas até agora vixentes e non elaborasen o plan de emerxencia correspondente estarán obrigados a presentalo ante a Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros, para a súa aprobación, no prazo máximo de dous anos para as presas clasificadas na categoría A, e de catro anos para as de categoría B, sen prexuízo dos procedementos sancionadores xa iniciados e que se encontren en fase de tramitación.

4. Nos supostos recollidos nos números anteriores, cando o plan de emerxencia non fose implantado con anterioridade, os titulares estarán obrigados á súa implantación no prazo de catro anos, tanto para as de categoría A como para as de categoría B, de acordo co procedemento establecido na «Norma técnica de seguranza para a clasificación das presas e para a elaboración e implantación dos plans de emerxencia das presas e os seus encoros», que se recolle no anexo I do presente real decreto.

Disposición transitoria terceira. *Revisións xerais das presas que se encontran en explotación.*

1. Os titulares de presas que no momento da entrada en vigor do real decreto tivesen realizado a revisión xeral de seguranza conforme a normativa anterior estarán obrigados a analizar a súa adecuación ao establecido na «Norma técnica de seguranza para a explotación, revisións de seguranza e posta fóra de servizo das presas e os seus encoros», no prazo máximo de cinco anos.

2. As avaliacións de revisións xerais de seguranza das presas que se encontren en tramitación no momento de entrada en vigor do real decreto serán realizadas pola Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros de acordo coas disposicións vixentes no momento da solicitude da avaliación, non obstante, os seus titulares estarán obrigados a analizar a súa adecuación ao establecido na «Norma técnica de seguranza para a explotación, revisións de seguranza e posta fóra de servizo das presas e os seus encoros», no prazo máximo de cinco anos.

3. Aqueles titulares de presas que non tivesen efectuado a primeira revisión xeral de seguranza, estando obrigados a realizala conforme a normativa anterior, deberán presentala ante a Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros no prazo máximo de tres anos, sen prexuízo dos procedementos sancionadores xa iniciados e que se encontren en fase de tramitación.

4. Os titulares daquelas presas que no momento de entrada en vigor deste real decreto estean obrigados a efectuar revisións periódicas da súa seguranza, non tendo estado obrigados a realizala conforme a normativa anterior, levarán a cabo a primeira delas e presentarana ante a Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros no prazo máximo de 5 anos para as presas clasificadas nas categorías A e B, e 10 anos para as de categoría C.

Disposición transitoria cuarta. *Normas de explotación da presa e do encoro.*

1. Os titulares de presas que no momento de entrada en vigor do presente real decreto contasen cunhas normas de explotación aprobadas manterán a dita aprobación, ben que estarán obrigados a considerar a súa adecuación ao establecido na «Norma

técnica de seguranza para a explotación, revisións de seguranza e posta fóra de servizo das presas e os seus encoros», nun prazo máximo de cinco anos.

2. Aquelas normas de explotación que se encontrasen en tramitación no momento da entrada en vigor do real decreto serán aprobadas pola Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros de acordo coas disposicións vixentes no momento de formular a solicitude, ben que os seus titulares estarán obrigados a considerar a súa adecuación ao establecido na «Norma técnica de seguranza para a explotación, revisións de seguranza e posta fóra de servizo das presas e os seus encoros», nun prazo máximo de cinco anos.

3. Os titulares de presas que no momento da entrada en vigor do presente real decreto non tivesen presentado para a súa aprobación as normas de explotación, estando obrigados a facelo por aplicación da normativa anterior, deberán presentalas ante a Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros no prazo máximo de tres anos, sen prexuízo dos procedementos sancionadores xa iniciados que se encontren en fase de tramitación.

4. Os titulares daquelas presas que no momento da entrada en vigor deste real decreto estean obrigados a dispor de normas de explotación segundo se indica no artigo 6 da presente norma, non tendo estado obrigados a realizala conforme a normativa anterior, estarán obrigados a presentar a primeira versión delas ante a Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros no prazo máximo de 3 anos.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

No momento de entrada en vigor deste real decreto quedan derogadas as seguintes disposicións:

- a) Orde do 31 de marzo de 1967 pola que se aproba a «Instrución para o proxecto, construción e explotación de grandes presas».
- b) Orde do 12 de marzo de 1996 pola que se aproba o Regulamento técnico sobre seguranza de presas e encoros.
- c) Todas as normas de igual ou inferior rango que contradigan ou se opoñan ao disposto neste real decreto.
- d) Os números 2 e 3 da disposición transitoria primeira do Real decreto 9/2008, do 11 de xaneiro, polo que se modifica o Regulamento do dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O presente real decreto dítase ao abeiro do título competencial previsto no artigo 149.1.22.^a e 23.^a da Constitución, que indica que o Estado ten competencia exclusiva sobre a lexislación, ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos cando as augas discorran por máis dunha comunidade autónoma e de lexislación básica sobre protección do ambiente, respectivamente, así como ao abeiro do artigo 149.1.29.^a, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de seguranza pública.

Disposición derradeira segunda. *Cómputo de prazos.*

Os prazos establecidos nas disposicións transitorias anteriores computaranse desde o día seguinte ao da entrada en vigor do presente real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Normas de desenvolvemento sobre titulación ou titulacións académicas que habilitan para as funcións de carácter técnico previstas nas normas técnicas de seguranza de presas e encoros.*

1. Realizado o estudo a que se refire a disposición adicional segunda, aprobarase unha norma de desenvolvemento do presente real decreto, que poderá ter o rango de orde ministerial ou de real decreto, segundo proceda, na cal se establecerá, con claridade e

precisión, a titulación ou titulacións académicas que habilitan para desempeñar cada unha das funcións de carácter técnico sinaladas nas normas técnicas de seguranza de presas e os seus encoros que figuran nos anexos I, II e III deste real decreto.

2. A norma que se aprobe, con independencia do seu rango normativo, estará habilitada para modificar a atribución de capacidade técnica que, con carácter provisional, se establece nas normas técnicas de seguranza de presas e os seus encoros que figuran nos anexos I, II e III deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto e as normas técnicas de seguranza de presas e os seus encoros que aproba entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de abril de 2021.

FELIPE R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,
Relacións coas Cortes e Memoria Democrática,
CARMEN CALVO POYATO

ANEXO I

Norma técnica de seguranza para a clasificación das presas e para a elaboración e implantación dos plans de emerxencia de presas e encoros

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

1. Obxecto

Esta norma técnica de seguranza ten por obxecto establecer os requisitos e as condicións mínimas que os titulares de presas deben cumprir para clasificalas atendendo ao dobre criterio das súas dimensións e dos riscos potenciais que poidan derivar da súa posible rotura ou funcionamento incorrecto, así como aos requirimentos que son necesarios para a elaboración e implantación dos seus correspondentes plans de emerxencia.

2. Ámbito de aplicación

2.1 Esta norma técnica de seguranza será de aplicación a todas as presas situadas en leitos e aos seus diques secundarios que, de acordo coa definición establecida no número 3 da presente norma, teñan a consideración de grandes ou pequenas presas, con independencia da fase da súa vida en que se encontren: proxecto, construción, posta en carga ou explotación.

2.2 No que se refire á clasificación das presas tanto en función das súas dimensións como en función do risco potencial derivado da súa rotura ou funcionamento incorrecto que se establece no número 3.2 desta norma, están obrigados a solicitala á Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros os titulares das de altura superior a 5 metros ou capacidade de encoramento maior de 100.000 m³, sexan públicas ou privadas, existentes, en construción ou que se vaian construír.

2.3 Para os efectos de elaboración e implantación do plan de emerxencia, a presente norma técnica de seguranza será de aplicación a todas aquelas presas, grandes ou pequenas, clasificadas nas categorías A ou B, segundo se establece no número 3.2 da presente norma.

CAPÍTULO II

Clasificación de presas

3. Categorías de clasificación

3.1 De acordo co establecido no artigo 358 do Regulamento de dominio público hidráulico, os criterios para a clasificación das presas serán os seguintes:

3.2 Pola súa dimensión:

a) Gran presa: aquela cuxa altura é superior a 15 metros ou a que, tendo unha altura comprendida entre 10 e 15 metros, ten unha capacidade de encoramento superior a 1 hectómetro cúbico.

b) Pequena presa: aquela que non cumpra as condicións de gran presa.

3.3 Polos riscos potenciais que puideren derivar da súa hipotética rotura ou funcionamento incorrecto:

Categoría A: presas cuxa rotura ou cuxo funcionamento incorrecto pode afectar gravemente núcleos urbanos ou servizos esenciais, ou producir danos materiais ou ambientais moi importantes.

Categoría B: presas cuxa rotura ou cuxo funcionamento incorrecto pode ocasionar danos materiais ou ambientais importantes ou afectar un reducido número de vivendas.

Categoría C: presas cuxa rotura ou cuxo funcionamento incorrecto pode producir danos materiais de moderada importancia e só incidentalmente perda de vidas humanas.

En todo caso, a esta última categoría pertencerán todas as presas non incluídas nas categorías A ou B.

4. Criterios básicos para a clasificación de presas en función do risco potencial derivado da súa rotura ou funcionamento incorrecto

4.1 Para clasificar unha presa realizarase unha avaliación dos riscos potenciais que poderían producirse augas abaixo desta no caso da súa hipotética rotura ou funcionamento incorrecto.

4.2 O criterio básico para a determinación da categoría de clasificación será a identificación e valoración deses riscos potenciais, para o que se examinarán as afeccións a:

a) Núcleos urbanos ou número de vivendas illadas habitadas.

Entenderase como afección grave a un núcleo urbano aquela que involucre máis de cinco vivendas habitadas e represente risco para as vidas dos seus habitantes en función do calado, da velocidade da onda de rotura ou da combinación de ambos. Considerarase número reducido de vivendas o comprendido entre unha e cinco vivendas habitadas. O cualitativo de incidental aplicarase á presenza ocasional, e non previsible no tempo, de persoas na chaira de inundación. Non poderá admitirse a clasificación como incidental das potenciais perdas de vidas humanas asociadas á afección a residencias establecidas permanentes, áreas de acampada estables, zonas en que habitualmente se produzan concentracións de persoas por calquera motivo, etc.

b) Servizos esenciais.

Entenderanse como tales aqueles que son indispensables para o desenvolvemento das actividades humanas e económicas de conxuntos de poboación maiores de 10.000 habitantes, entre os que se inclúen, ao menos, os seguintes:

- Abastecemento e saneamento.
- Subministración de enerxía.
- Sistema sanitario.
- Sistemas de comunicacións.
- Sistema de transporte.

Entenderase como afección grave aquela que non pode ser reparada de forma inmediata, impedindo sen alternativa o servizo, como consecuencia dos danos derivados do calado e da velocidade da onda.

c) Danos materiais.

Entenderanse como danos materiais aqueles cuantificables directamente en termos económicos, sexan directos (destrución de elementos) ou indirectos (redución da produción ou outros). Os danos materiais avaliaranse en función das seguintes categorías:

- Danos a industrias e polígonos industriais.
- Danos ás propiedades rústicas.
- Danos ás infraestruturas.
- Danos a cultivos.

A avaliación de todos estes danos efectuarase analizando o número de hectáreas inundadas e o das instalacións industriais, propiedades e categoría das infraestruturas afectadas.

Así, terán a consideración de danos moi importantes a afección a máis de 50 instalacións/propiedades, a máis de 5.000 ha de regadío, a máis de 10.000 ha de secaño, a estradas da rede xeral do Estado ou da rede básica das comunidades autónomas ou a ferrocarrís de vía ancha ou de alta velocidade.

Igualmente, terán a consideración de danos importantes a afección a máis de 10 instalacións/propiedades, a máis de 1.000 ha de regadío, a máis de 3.000 ha de secaño, a estradas da rede xeral das comunidades autónomas ou a ferrocarrís de vía estreita.

Terán a consideración de danos de moderada importancia a afección a máis de 3 instalacións/propiedades, a máis de 500 ha de regadío, a máis de 1.500 ha de secaño ou a estradas non incluídas na rede xeral das comunidades autónomas.

d) Aspectos ambientais, histórico-artísticos e culturais.

A determinación de todos eses danos realizarase en función dos calados, velocidades e superficies inundadas pola onda de rotura, analizando as afeccións a todos aqueles elementos que gocen dalgunha figura legal de protección tanto a nivel estatal como autonómico; terán a consideración de danos moi importantes as afeccións a elementos con figuras de protección a nivel estatal e de danos importantes as afeccións a elementos catalogados a nivel autonómico.

4.3 Consideraranse distintos escenarios de posibles roturas da presa, identificando en cada un deles os riscos potenciais, e asignarase como clasificación aquela que corresponda ao escenario máis desfavorable. Consideraranse, como mínimo, os seguintes escenarios:

a) Escenario sen enchente. Rotura co encoro situado no seu nivel máximo normal (de acordo co número 6 da Norma técnica de seguranza para o proxecto, construción e posta en carga de presas e enchedura de encoros).

b) Escenario límite. Encoro no seu nivel máximo normal e desaugamento dun hidrograma que poida enchelo até o coroamento da presa, mantendo esta todos os seus elementos de desaugamento abertos, e, a continuación, prodúcese a súa rotura.

Para efectos da avaliación dos danos que hai que considerar, teranse unicamente en conta os incrementais, entendidos estes como o incremento entre os que se producirían por efecto da onda de rotura e os que se terían producido sen a existencia da presa.

En ambos os casos se terá en conta a posible rotura de presas situadas augas abaixo (efecto dominó).

4.4 Para efectos de clasificación de presas non se terá en conta a influencia que sobre elas poidan ter outras localizadas augas arriba.

4.5 Xustificaranse debidamente o modo de rotura e a forma de evolución da greta, que dependen do tipo de presa, así como as características do leito que poidan incidir de maneira importante na propagación da onda.

4.6 A propagación da onda de rotura augas abaixo estenderase até onde se alcance un caudal máximo inferior á capacidade de evacuación do leito sen producir danos nas inmediacións, ou até onde os elementos susceptibles de risco existentes augas abaixo non induzan unha elevación de categoría.

5. Proposta de clasificación

5.1 Os titulares de presas de altura superior a 5 m ou capacidade de encoramento maior a 100.000 m³ que se encontren en fase de proxecto, en construción, en posta en carga ou en explotación deberán solicitar a súa clasificación atendendo ao dobre criterio das súas dimensións e ao risco potencial derivado da súa rotura ou funcionamento incorrecto nalgunha das categorías definidas nos números 3.2. e 3.3 da presente norma.

Para tal efecto, presentarán unha proposta, que estará xustificada de acordo cos criterios establecidos na presente norma técnica de seguranza. A dita solicitude realizarase de forma electrónica no caso das persoas xurídicas ou dos seus representantes, segundo o disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e en calquera das formas a que se alude no artigo 16.4 da referida Lei 39/2015, no caso das persoas físicas, e nas normas de desenvolvemento da citada lei.

5.2 A proposta de clasificación deberá ser subscribida polo titular da presa.

5.3 A proposta de clasificación deberá ir acompañada da documentación xustificativa necesaria para que a Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros poida resolver sobre a categoría de clasificación que se adoptará.

5.4 A xustificación da proposta realizarase mediante un estudo técnico elaborado por técnico competente en materia de seguranza de presas e encoros que conterá, como mínimo, os seguintes aspectos:

- a) Características da presa e encoro.
- b) Características do leito augas abaixo afectado pola onda de rotura.
- c) Metodoloxía e datos básicos da análise.
- d) Resultados da análise.

Estes requisitos poderanse simplificar no caso de que a clasificación resulte obvia na categoría A.

6. Resolución de clasificación

Corresponderá á Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros, de acordo co previsto no artigo 362.2.a) do Regulamento do dominio público hidráulico, e segundo o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ditar a resolución administrativa pola que se clasifica a presa atendendo á súa dimensión e ao risco potencial derivado da súa rotura ou funcionamento incorrecto. Para tal efecto, a resolución do procedemento de clasificación e a notificación da resolución correspondente realizarase no prazo máximo dun ano contado desde o día seguinte ao de presentación da solicitude por parte do titular da presa.

Transcorrido o prazo dun ano sen que se notificase unha resolución expresa, o titular da presa entenderá desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

7. Revisión de clasificación

7.1 A Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros, de oficio ou por solicitude da Administración competente en materia de protección civil, poderá exixir ao titular dunha presa que revise a súa clasificación.

7.2 Así mesmo, o titular da presa poderá solicitar á Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros a revisión da clasificación que tivese aprobada, sempre que achegase a suficiente xustificación, especialmente se o que se propón é pasar a unha categoría inferior á anteriormente aprobada. A dita solicitude realizarase de forma electrónica no caso das persoas xurídicas ou dos seus representantes, segundo o disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e en calquera das formas a que se alude no artigo 16.4 da referida Lei 39/2015, no caso das persoas físicas, e nas normas de desenvolvemento da citada lei.

7.3 Con independencia do anterior, coincidindo coas revisións xerais de seguranza periódicas, de carácter obrigatorio, a que se refire a Norma técnica de seguranza para a explotación, revisións de seguranza e posta fóra de servizo de presas, o titular revisará a adecuación da clasificación recoñecida da presa ás condicións existentes e, na medida en

que o coñecemento científico e técnico o permita, a influencia que sobre esa clasificación poderían ter os efectos do cambio climático.

7.4 Os titulares de pequenas presas clasificadas na categoría C estarán obrigados cada cinco anos a valorar se procede revisar a súa clasificación fronte ao risco potencial derivado da súa rotura ou funcionamento incorrecto atendendo a cambios producidos na afeccións augas abaixo e a comunicar á Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros a conclusión da dita valoración.

7.5 O procedemento para realizar calquera revisión da clasificación e a tramitación posterior do resultado desta, se resulta modificada, será o establecido nos números 3 a 6 desta norma. Para tal efecto, a resolución do procedemento de revisión da clasificación e a notificación da resolución correspondente realizarase no prazo máximo dun ano contado desde o día seguinte ao de presentación da solicitude por parte do titular da presa.

Transcorrido o prazo dun ano sen que se notificase unha resolución expresa, o titular da presa entenderá desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

8. Vixencia de clasificación recoñecida a presas con anterioridade á entrada en vigor desta norma técnica de seguranza

Aquelas presas que se encontren en fase de proxecto, en construción, en fase de posta en carga ou en explotación manterán a vixencia das clasificacións recoñecidas pola Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros, nos termos previstos na disposición transitoria primeira do Real decreto 264/2021, do 13 de abril, polo que se aproban as normas técnicas de seguranza para as presas e os seus encoros.

Con independencia do anterior, os titulares de presas deberán cumprir coa obrigación establecida no número 7.3 desta norma.

CAPÍTULO III

Plan de emerxencia

Sección I. Consideracións xerais

9. Plan de emerxencia

O plan de emerxencia é o documento técnico que recolle:

a) As estratexias de detección, intervención e actuación para o control de situacións que poidan implicar riscos de rotura ou avaría grave da presa, logo da realización dunha análise da súa seguranza.

b) A delimitación das áreas potencialmente inundables en caso de rotura ou avaría grave da presa e a estimación dos riscos asociados a esta inundación, en particular, os relacionados coa vida das persoas.

c) O desenvolvemento das normas de actuación en cada escenario, incluídas as asociadas á información e comunicación aos organismos públicos implicados na xestión da emerxencia.

d) A organización dos recursos humanos e materiais necesarios para o desenvolvemento das actuacións anteriores e os medios para a posta á disposición destes no caso de activación da situación de emerxencia.

10. Obrigatoriedade do plan de emerxencia

10.1 Todas as presas clasificadas nas categorías A ou B deberán contar co correspondente plan de emerxencia, que será elaborado e implantado de acordo co establecido na presente norma técnica de seguranza.

10.2 Os titulares de presas clasificadas na categoría A deberán presentar á Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros, para a súa

aprobación, antes de dous anos contados a partir da data en que se produciu a resolución de clasificación, os correspondentes plans de emerxencia. Este prazo será de catro anos para as presas clasificadas na categoría B. A dita solicitude realizarase de forma electrónica no caso das persoas xurídicas ou dos seus representantes, segundo o disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e en calquera das formas a que se alude no artigo 16.4 da referida Lei 39/2015 no caso das persoas físicas e nas normas que desenvolvan a citada lei.

11. Responsabilidades do titular

11.1 Constitúen responsabilidades do titular da presa, en relación co plan de emerxencia, e entre outras, todas as seguintes:

- A elaboración do plan de emerxencia, que deberá ser suscrito por técnico competente en materia de seguranza de presas e encoros e, posteriormente, presentado ante a Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros para a súa aprobación.
- A implantación do plan de emerxencia, así como o seu mantemento e actualización.
- A inclusión nas normas de explotación da presa dos escenarios que dean lugar á activación do plan de emerxencia.
- O mantemento permanente das condicións de operatividade de todos os sistemas e elementos relacionados co plan de emerxencia.

11.2 No suposto de que se transmita a titularidade da presa, o novo titular quedará subrogado en todas as obrigacións do anterior titular.

12. Aprobación do plan de emerxencia

A aprobación do plan de emerxencia corresponderá á Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros, logo de informe preceptivo e favorable do órgano competente en materia de protección civil, de acordo co previsto no artigo 362.2.d) do Regulamento do dominio público hidráulico. A resolución do procedemento de aprobación do plan de emerxencia e a notificación da resolución correspondente realizarase no prazo máximo dun ano contado desde o día seguinte ao de presentación da solicitude por parte do titular da presa.

Transcorrido o prazo dun ano sen que se notificase unha resolución expresa, o titular da presa entenderá desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

Aquelas presas cuxa rotura ou cuxo funcionamento incorrecto poida afectar territorios doutros países observarán o disposto nos correspondentes tratados internacionais.

13. Revisión e actualización do plan de emerxencia

13.1 O plan de emerxencia deberá ser actualizado cando xurdan circunstancias que requiran efectuar nel cambios que non cheguen a alterar aspectos esenciais do seu contido, e será revisado cando xurdan circunstancias relativas á seguranza que aconsellen a introdución de cambios esenciais nel.

Terán a consideración de aspectos esenciais a alteración significativa do nivel de afeccións augas abaixo ou os que poidan afectar de maneira substancial as condicións de seguranza da presa.

13.2 A Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros de oficio ou por solicitude da Administración competente en materia de protección civil, ou do comité de implantación a que se refire o número 23.2 desta norma, poderá exixir de forma motivada ao titular dunha presa que revise o seu plan de emerxencia.

13.3 Con independencia do anterior, coincidindo coas revisións xerais de seguranza periódicas, de carácter obrigatorio, a que se refire a Norma técnica de seguranza para a

explotación, revisións de seguranza e posta fóra de servizo de presas, o titular revisará a adecuación do plan de emerxencia aprobado ás circunstancias existentes e, na medida en que o coñecemento científico e técnico o permita, a influencia que sobre as previsións contidas nel poderían ter os efectos do cambio climático.

13.4 O procedemento para tramitar a versión actualizada do plan de emerxencia consistirá no traslado por parte do titular de todos os cambios efectuados neste a todos os organismos que formen parte do comité de implantación a que se refire o número 23.2 da presente norma. A dita solicitude realizarase de forma electrónica no caso das persoas xurídicas ou dos seus representantes, segundo o disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e en calquera das formas a que se alude no artigo 16.4 da referida Lei 39/2015, no caso das persoas físicas, e nas normas que desenvolvan a citada lei.

13.5 O procedemento para tramitar a versión revisada do plan de emerxencia consistirá no seu envío á Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros para a súa aprobación, tal e como establece o número 12 desta norma.

Sección II. Elaboración do plan de emerxencia

14. Contido do plan de emerxencia

O plan de emerxencia conterá, como mínimo, os seguintes aspectos:

- a) Análise de seguranza da presa.
- b) Zonificación territorial e análise dos danos potenciais xerados pola súa rotura ou funcionamento incorrecto.
- c) Normas de actuación.
- d) Organización dos recursos humanos e materiais para xestionar as situacións de emerxencia.
- e) Medios e recursos para a posta en práctica do plan de emerxencia. Definición e localización.

15. Análise da seguranza da presa

15.1 A análise de seguranza da presa terá como obxectivo:

- a) Identificar e caracterizar as situacións e fenómenos que puideren afectar as súas condicións de seguranza.
- b) Establecer os indicadores que poñan de manifesto a aparición desas situacións e fenómenos e que permitan avaliar a súa intensidade.
- c) Establecer criterios e definir limiares para a interpretación deses indicadores, avaliación da emerxencia a partir desta interpretación e declaración dos diferentes escenarios de emerxencia en función da dita avaliación.

15.2 Os fenómenos que se considerarán na realización da análise de seguranza serán, en xeral, e sen carácter limitativo, os seguintes:

- a) Enchentes.
- b) Comportamento anormal da presa ou do encoro.
- c) Situacións climáticas extraordinarias.
- d) Sismos e erupcións volcánicas.
- e) Avalanchas de rocha, neve ou xeo, ou escorregamentos no encoro.
- f) Accións antrópicas.
- g) Rotura, avaría grave ou declaración de emerxencia de presas situadas augas arriba.

15.3 Definiranse os indicadores máis adecuados para poder realizar unha identificación fiable, e con antelación razoable, das diversas situacións de emerxencia posibles que se puideren presentar en función dos fenómenos estudados.

Consideraranse, como mínimo, os seguintes indicadores:

- a) Os relacionados con eventos hidrolóxicos.
- b) Os relacionados cos sistemas de auscultación.
- c) Os deducidos dos labores de inspección e vixilancia establecidos nas normas de explotación.
- d) Os relacionados con fenómenos sísmicos.
- e) Os relacionados cos sistemas de observación/detección de escorregamentos.
- f) Os relacionados con encoros e presas situados augas arriba.

15.4 De cada un dos indicadores considerados estableceranse os limiares que marcan os límites do que pode considerarse como situación de normalidade. Con carácter xeral, procurárase que os limiares dos indicadores sexan de tipo cuantitativo.

15.5 Para a definición dos limiares de presas que se encontren en explotación, terase en conta a historia do seu comportamento acorde cos datos da auscultación e os fenómenos naturais que soportase (enchentes e sismos).

15.6 No caso de presas de nova construción, os limiares fixaranse cos datos do proxecto. Posteriormente revisaranse e actualizaranse cos datos de construción, da posta en carga e da posterior explotación, e daranse a coñecer ao resto de organismos que conforman o comité de implantación a que se refire o número 23.2 desta norma.

15.7 Consideraranse os seguintes escenarios de emerxencia, asignando a cada un deles os seus correspondentes limiares:

- a) Escenario de control da seguranza ou «Escenario 0»: as condicións existentes e as previsións aconsellan unha intensificación da vixilancia e o control da presa, e non se require a posta en práctica de medidas de intervención para a redución do risco.
- b) Escenario de aplicación de medidas correctoras ou «Escenario 1»: prodúciñense acontecementos que, de non aplicarse medidas de corrección (técnicas, de explotación, desencoramento, etc.), poderían ocasionar perigo de avaría grave ou de rotura, ben que a situación pode solucionarse con seguranza mediante a aplicación das medidas previstas e cos medios dispoñibles.
- c) Escenario excepcional ou «Escenario 2»: existe perigo de rotura ou avaría grave da presa e non pode asegurarse con certeza que a situación poida ser controlada mediante a aplicación das medidas e medios dispoñibles.
- d) Escenario límite ou «Escenario 3»: a probabilidade de rotura é elevada, ou xa comezou, resultando practicamente inevitable que se produza a onda de enchente xerada pola avaría ou rotura.

16. Zonificación territorial e análise dos riscos xerados pola rotura

16.1 A zonificación territorial ten por obxectivo identificar, con suficiente aproximación, os riscos potenciais que produciría a rotura da presa, delimitando as zonas progresivamente inundables e as afeccións que isto podería ocasionar.

16.2 En xeral, os escenarios extremos que hai que considerar serán, como mínimo, os seguintes:

- a) Escenario sen enchente. Rotura co encoro no seu nivel máximo normal.
- b) Escenario límite. Encoro no seu nivel máximo normal e desaugamento dun hidrograma que o encha até o coroamento da presa, mantendo esta todos os seus elementos de desaugamento abertos, producíndose a continuación a súa rotura.
- c) Rotura encadeada de presas.
- d) Rotura de comportas.

16.3 Os estudos de propagación da onda de rotura realizaranse con modelos de simulación acordes coa orografía da área inundable e coas características do fluxo.

Estudaranse todas as variables hidráulicas que se consideren útiles para a identificación e avaliación das afeccións pero, como mínimo, empregaranse as seguintes:

- a) Calado e velocidade da auga.
- b) Tempo de chegada da onda de enchente desde o inicio desta.

16.4 Delimitaranse as áreas potencialmente inundables para cada unha das hipóteses de rotura e representárase o mapa con indicación da envolvente da zona inundable e das fronteiras de onda correspondentes aos 30 minutos, á hora e ás horas seguintes, contados desde o inicio da rotura.

Realizarase un inventario dos danos potenciais asociados a cada unha das hipóteses de rotura consideradas nos escenarios simulados.

16.5 A delimitación da zona potencialmente inundable debida á propagación da onda de rotura establecerase examinando as diversas hipóteses potenciais de rotura e establecendo o mapa de inundación correspondente á envolvente integrada de todas elas.

16.6 O límite do estudo establecerase onde se alcance un caudal máximo inferior á capacidade do leito que non produza máis danos, salvo que a onda de rotura chegue a unha presa clasificada nas categorías A ou B, caso en que a dita presa será o límite do estudo.

17. Normas de actuación

17.1 O obxectivo das normas de actuación asociadas a cada escenario de emerxencia é definir as accións que hai que levar a cabo en caso de activación do plan de emerxencia para reducir a probabilidade de rotura e os riscos que poidan derivar dela.

17.2 As actuacións poderán ser de tres tipos:

- a) De vixilancia e inspección intensivas.
- b) De corrección e prevención.
- c) De comunicación.

18. Organización

18.1 No plan de emerxencia estableceranse a organización dos recursos humanos, a relación dos medios materiais necesarios para a posta en práctica de todas as actuacións previstas nel, así como a localización dos ditos medios e recursos e a súa accesibilidade en situación de emerxencia.

18.2 Definirase a estrutura organizativa do plan de emerxencia cun organigrama funcional que virá marcado polas necesidades que se establecesen nas normas de actuación deste e no cal deberá figurar, de forma expresa, o persoal suplente.

18.3 O titular propondrá como director/a do plan de emerxencia un técnico competente en materia de seguranza de presas e encoros.

En xeral, e salvo xustificación, a dirección do plan de emerxencia estará a cargo da persoa a que corresponda a dirección de explotación da presa.

19. Medios e recursos materiais

19.1 Definiranse os medios e recursos materiais necesarios para a execución das actuacións previstas no plan de emerxencia.

19.2 Os sistemas e elementos relacionados co plan de emerxencia deberán encontrarse nunha localización á cal se poida acceder en calquera circunstancia e en permanentes condicións de operatividade.

19.3 O titular disporá nas inmediacións da presa, en lugar non afectado pola súa hipotética rotura, con acceso garantido e subministración eléctrica asegurada e

redundante, un centro de xestión de emerxencias dotado dos medios técnicos precisos para o seguimento, o control e a comunicación da situación de emerxencia.

19.4 Se o titular dispón dun centro de control para a xestión da explotación dotado de persoal e medios técnicos precisos para o seguimento continuo da presa, poderá asumir con el as funcións asignadas ao centro de xestión de emerxencias. Neste caso deberá asegurarse que as comunicacións do centro coa contorna da presa estean permanentemente en condicións de operatividade, mesmo no caso de presentación das condicións meteorolóxicas máis desfavorables.

Se este centro de control pode verse afectado pola potencial onda de rotura, deberase dispor dun centro de xestión de emerxencias secundario desde o que se poida continuar coa dirección do plan de emerxencia a partir do momento en que non se poida garantir o control da situación coa aplicación dos medios inicialmente dispoñibles.

19.5 Sempre que se xustifique adecuadamente, o centro de xestión de emerxencias poderá estar constituído por vehículos móbiles convenientemente equipados que poidan acceder á presa de forma inmediata.

19.6 O centro de xestión de emerxencias, calquera que sexa a súa localización e a súa tipoloxía, deberá estar equipado con sistemas de comunicación redundantes en condicións de operatividade permanentes, co obxecto de garantir en todo momento a comunicación cos organismos implicados na xestión da emerxencia e cos sistemas de aviso á poboación.

19.7 Disporanse sistemas de aviso á poboación potencialmente afectada polo avance da onda de rotura durante a primeira media hora desde o momento de inicio da hipotética rotura, que, en función das características da zona potencialmente afectada, poderán ser acústicos, telefónicos, luminosos, mediante aplicacións para teléfonos móbiles, ou de calquera outro tipo cuxa eficiencia fose probada.

20. Plan de emerxencia de presas especiais

20.1 Aquelas presas proxectadas, construídas e explotadas coa única e exclusiva finalidade de laminar enchentes ou as que teñan unhas características similares, soamente reteñan auga de forma temporal e ocasional en situación de enchentes, os seus órganos de desaugamento carezan de dispositivos de control e fosen clasificadas nas categorías A ou B disporán, igualmente, dun plan de emerxencia en que se terá en consideración que o encoro se vai encontrar baleiro ou parcialmente baleiro a maior parte do tempo.

20.2 Para efectos de zonificación territorial, en xeral, o único escenario de rotura que se considerará será o definido no número 16.2.b) desta norma.

20.3 De igual forma, a organización xeral, e os medios e recursos que se empregarán adaptaranse á singularidade deste tipo de presas.

Sección III. Implantación do plan de emerxencia

21. Definición de implantación

Enténdese por implantación dun plan de emerxencia a posta en práctica por parte do titular de todas as actuacións recollidas no plan de emerxencia aprobado relacionadas co centro de xestión de emerxencias, cos sistemas de comunicación cos diferentes organismos públicos involucrados na xestión dunha eventual situación de emerxencia, en especial con protección civil, e cos sistemas de aviso á poboación, así como a divulgación do plan de emerxencia tanto ás autoridades dos concellos afectados pola onda de rotura nas dúas primeiras horas desde o inicio da avaría grave ou da rotura como á poboación residente na zona potencialmente inundable na primeira media hora.

22. Criterios básicos para a implantación

22.1 As responsabilidades dos axentes que interveñen no proceso de implantación son as seguintes:

- a) Titular:
- A implantación efectiva do plan de emerxencia de presa, o seu mantemento e a súa actualización.
 - A asunción dos custos económicos que comporte a implantación do plan.
 - A redacción dun documento técnico que inclúa e defina as actuacións que son necesarias para a implantación do plan de emerxencia e que, como mínimo, serán as relativas ás infraestruturas, instalacións e sistemas necesarios para cumprir cos requisitos establecidos no plan de emerxencia aprobado, e a programación dos traballos que se realizarán. Pola súa vez, detallaranse as características do centro de xestión de emerxencia, dos sistemas de comunicación internos do titular da presa e dos existentes entre este e os organismos involucrados na xestión da emerxencia, así como as especificacións técnicas do sistema de aviso á poboación potencialmente afectada na primeira media hora.
 - A edición da información divulgativa necesaria.
 - A participación xunto ás administracións públicas nos labores de divulgación do plan.
 - A formación do persoal propio de explotación ante situacións de emerxencia.
- b) Administracións competentes en materia de protección civil:
- A validación do bo funcionamento dos sistemas de comunicacións, a adecuación da organización de persoal e medios, a idoneidade das instalacións e da correcta localización dos sistemas de aviso á poboación.
 - Facilitar, sempre que sexa posible, a tramitación dos permisos necesarios para a montaxe dos sistemas de comunicacións e de aviso á poboación.
 - A elaboración do programa de divulgación do plan de emerxencia á poboación, coa colaboración do titular da presa e da Administración hidráulica competente.
 - A organización e convocatoria ás autoridades municipais para a divulgación do plan de emerxencia.
- c) Administración hidráulica competente:
- A tramitación dos permisos que sexan necesarios cando a implantación afecte o dominio público hidráulico.
 - A comprobación de que a implantación efectuada inclúe o recollido no plan de emerxencia aprobado.
 - A participación, xunto coas administracións competentes en materia de protección civil e co titular da presa, na divulgación do plan de emerxencia e no desenvolvemento dos exercicios e simulacros que se establezan.

22.2 Integración noutros plans de protección civil.

Os plans de emerxencia de presas deben integrarse nos plans das comunidades autónomas ante o risco de inundacións e, en caso de emerxencia de interese nacional, no Plan estatal de protección civil ante o risco de inundacións. Por isto, na implantación dos plans de emerxencia de presas debe terse en conta o disposto nos plans das comunidades autónomas afectadas. O labor material desta integración debe realizalo o órgano competente de protección civil da comunidade autónoma afectada.

23. Proceso de implantación

23.1 Previamente á implantación efectiva do plan de emerxencia de presa, deberá estar elaborado o documento técnico mencionado no punto anterior e constituído o comité de implantación.

23.2 O comité de implantación do plan de emerxencia de presa será convocado polo titular desta e estará constituído polos seguintes membros:

- a) Unha persoa en representación do titular.
- b) Unha persoa en representación da Administración competente en materia de protección civil a nivel estatal que exerza as súas funcións no territorio das comunidades autónomas que poidan verse potencialmente afectadas en caso de que se producise o fallo ou rotura da presa.
- c) Unha persoa en representación da Administración competente en materia de protección civil a nivel autonómico de cada unha das comunidades autónomas potencialmente afectadas en caso de que se producise o fallo ou rotura da presa.
- d) Unha persoa en representación da Administración hidráulica competente.

23.3 O comité de implantación terá as seguintes funcións:

- Supervisar o documento técnico de implantación do plan de emerxencia elaborado polo titular da presa.
- Establecer o programa de traballos que asegure a implantación material efectiva no prazo regulamentario.
- Acordar todas as actividades que se levarán a cabo para a implantación material do plan de emerxencia.
- Asegurar a actuación coordinada das distintas administracións públicas involucradas na fase de implantación.
- Definir as necesidades de actualización do plan de emerxencia.
- Diseñar a campaña de divulgación do plan de emerxencia.
- Establecer o calendario de exercicios e simulacros que se efectuarán.
- Realizar a campaña de información á poboación afectada pola potencial rotura.
- A resolución de calquera dúbida que poida xurdir durante a fase de implantación do plan de emerxencia.

23.4 O comité deberá constituírse antes de que transcorran dous anos desde a aprobación do plan de emerxencia.

23.5 Existirá un único comité de implantación que supervise todos os plans de emerxencia de presas que un titular teña que implantar no territorio dunha mesma comunidade autónoma e no ámbito dunha mesma Administración hidráulica competente, para asegurar a unicidade de criterios dos traballos que hai que realizar e para que a implantación de todos eles se efectúe de maneira coordinada e nos prazos regulamentariamente establecidos.

24. Finalización da implantación

24.1 Concluído o proceso de implantación do plan de emerxencia, unha vez que estean postos en servizo o centro de xestión de emerxencias, os sistemas de comunicacións e de aviso á poboación recollidos no plan de emerxencia, e unha vez que este fose divulgado á poboación e ás autoridades municipais dos concellos potencialmente afectados pola onda de rotura, o comité de implantación redactará unha acta de finalización da implantación en que se reflectirá que as instalacións e os equipamentos son acordes co establecido no plan de emerxencia aprobado, que funcionan correctamente e que a organización de persoal e a relación de medios de que se dispón se adecúa tamén ao establecido no dito plan de emerxencia. Esa acta será enviada, posteriormente, tanto á Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros como á Administración competente en materia de protección civil.

24.2 O proceso de implantación do plan de emerxencia terá lugar nun prazo máximo de 4 anos desde a súa aprobación.

24.3 O comité de implantación verificará, periodicamente, as condicións de operatividade do plan de emerxencia e propondrá un calendario de exercicios e simulacros, dos cales se concluirá a conveniencia da súa actualización ou revisión.

ANEXO II

Norma técnica de seguranza para o proxecto, construción e posta en carga de presas e enchedura de encoros

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

1. Obxecto

Esta norma técnica de seguranza ten por obxecto establecer os requisitos e condicións mínimas que deben cumprir as presas nas fases de proxecto, construción e posta en carga e enchedura dos encoros que pechan, para efectos de garantir as súas condicións de seguranza.

2. Ámbito de aplicación

Esta norma técnica de seguranza será de aplicación ás presas situadas en leitos e aos seus diques secundarios que teñan a consideración de grandes presas, así como ás que teñan a consideración de pequenas presas e fosen clasificadas nas categorías A ou B.

Para os efectos desta norma técnica de seguranza, enténdese por gran presa aquela cuxa altura é superior a 15 metros ou a que, cunha altura comprendida entre 10 e 15 metros, ten unha capacidade de encoramento superior a 1 hectómetro cúbico, e como pequena presa, a que non cumpre ningunha das condicións anteriores.

En canto ás categorías de clasificación, son as que se establecen no número 3 da Norma técnica de seguranza para a clasificación das presas e para a elaboración e implantación dos plans de emerxencia de presas e encoros, e están obrigados a solicitarla á Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros os titulares de presas cuxa altura sexa superior a 5 metros ou a súa capacidade de encoramento maior de 100.000 m³, sexan públicas ou privadas, se encontren en explotación, en construción ou en fase de proxecto.

CAPÍTULO II

Proxecto

Sección I. Disposicións xerais e contido do proxecto

3. Proxecto

3.1 Para a construción dunha presa é necesario dispor dun proxecto redactado por un equipo dirixido por técnico competente en materia de seguranza de presas e encoros, denominado director/a do proxecto, que será o a responsable de que o dito proxecto cumpra os requisitos e condicións de seguranza exixidos e incluídos neste capítulo.

3.2 Todas as obras precisas para a construción dunha presa estarán definidas no seu proxecto, que debe considerar esta como unha unidade, sen prexuízo de que algunhas partes das obras poidan desagregarse contractual ou administrativamente para a súa realización de forma independente.

3.3 O proxecto deberá incluír os estudos técnicos que se citan a continuación, sempre que procedan, adecuándoos no seu contido e grao de detalle ás características propias de cada caso, así como todos aqueles estudos a que obligue a lexislación vixente no momento da aprobación do proxecto.

a) Estudos xerais:

– Obxectivos da presa e do encoro que pecha.

- Xeografía, xeoloxía e bioloxía da bacía.
- Climatoloxía e hidroloxía.
- Características hidráulicas do leito situado augas abaixo nas proximidades da presa e posibles afeccións asociadas aos distintos caudais circulantes por el. Entre os caudais que se estuden deberán figurar, como mínimo, os producidos pola apertura completa dos diferentes órganos de desaugamento e tomas, actuando illada e conxuntamente, encontrándose o encoro no nivel máximo normal definido no número 6 da presente norma.

- Zonas de risco de inundación.
- Datos básicos para a formulación de plans de protección civil.
- Sistemas de comunicacións existentes.
- Viabilidade técnica da solución adoptada e comparación con outras posibles.

b) Estudos específicos:

- Topografía do encoro e contorna máis próxima, da engroba e das zonas afectadas.
- Xeoloxía, xeotecnia e sismicidade da engroba, vaso e rexional, niveis freáticos e piezométricos e hidroxeoloxía.

- Análise das achegas hídricas e a súa regulación para o seu aproveitamento.
- Curvas de volumes e superficies de encoramento.
- Previsión e laminación das enchentes.
- Capacidade e análise hidráulica dos órganos de desaugamento.
- Desvío do río.
- Caudais mínimos de desaugamento.
- Proposta de procedencia e características básicas dos materiais de construción.
- Estabilidade, resistencia e deformabilidade das estruturas e as súas cimentacións.
- Estabilidade das ladeiras do vaso e avaliación do seu comportamento fronte ás oscilacións do nivel do encoro.

- Proposta de procesos construtivos, plan da obra e etapas da construción.
- Accesos, comunicacións e subministración de enerxía.
- Auscultación nas fases de construción, posta en carga e explotación.
- Tratamentos e correccións do terreo que se efectuarán na fase de construción.
- Estudos de seguranza e saúde no traballo durante a construción.
- Criterios para a posta en carga e encoramento nas súas distintas fases.
- Estudo de impacto do cambio climático na climatoloxía e hidroloxía da bacía.
- Estudo do impacto que o novo proxecto poida causar nas previsións recollidas nos plans hidrolóxicos, nos obxectivos ambientais neles establecidos e o necesario cumprimento do artigo 4.7 da Directiva marco da auga.

c) Estudos da influencia da presa e do encoro na contorna e na poboación:

- Expropiacións e reposición de servidumes e servizos e, se for o caso, traslado de poboación.

- Calidade, eutrofización e estratificación da auga.
- Erosión da bacía, caudais sólidos e sedimentación no encoro.
- Efectos sobre o río e o seu tratamento.
- Efectos socioeconómicos.
- Efectos sobre a paisaxe e o patrimonio artístico e os seus tratamentos.
- Efectos sobre a flora e fauna, e os seus tratamentos.
- Cumprimento da normativa vixente sobre ambiente.
- Programa de seguranza, vixilancia e control ambiental.
- Xestión de residuos.
- Accións de protección da presa e das súas instalacións.
- Normas de explotación provisionais.
- Proposta de clasificación en función dos riscos potenciais orixinados pola súa posible rotura ou funcionamento incorrecto.
- Plan de emerxencia.

3.4 A Administración hidráulica competente será a encargada de aprobar o proxecto antes do inicio da construción, logo de informe da Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros, de acordo co previsto no artigo 362.2.b) do Regulamento do dominio público hidráulico. Para tal efecto, a resolución de aprobación do proxecto e a súa notificación realizarase no prazo máximo dun ano contado desde o día seguinte ao de presentación do proxecto por parte do titular da presa.

Transcorrido o prazo dun ano sen que se notificase unha resolución expresa, o titular da presa entenderá desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

3.5 A fase de proxecto finalizará no momento en que se dea inicio á construción da presa.

Sección II. Enchentes e desaugamentos

4. Estudo de enchentes

4.1 Determinaranse os hidrogramas das previsibles enchentes afluentes ao encoro, xunto coa caracterización estatística das súas probabilidades de ocorrencia. Analizaranse, así mesmo, e teranse en conta, as enchentes históricas.

4.2 No estudo indicado no punto anterior considerárase o coñecemento dispoñible sobre os posibles cambios a longo prazo nas condicións hidrolóxicas da bacía e, en particular, na medida en que o coñecemento científico e técnico o permita, as posibles repercusións do cambio climático.

4.3 Analizarase e concluirase a incidencia dos caudais desaugados polos encoros situados augas arriba.

4.4 Xustificarase o grao de fiabilidade das metodoloxías utilizadas no proxecto para a determinación das diferentes enchentes e a súa adecuación ás características da bacía vertente ao encoro.

5. Enchentes que hai que considerar

5.1 Os criterios básicos para a selección e determinación das enchentes que hai que considerar no proxecto serán a categoría en que sexa clasificada a presa e a tipoloxía desta.

5.2 Consideraranse dúas enchentes afluentes ao encoro, que serán seleccionadas de entre as determinadas no estudo de enchentes indicado no número anterior, de acordo cos seguintes criterios:

a) Enchente de proxecto. É a enchente que hai que ter en conta para o dimensionamento dos órganos de desaugamento e as estruturas de disipación de enerxía.

b) Enchente extrema. É a maior enchente que a presa debe soportar sen chegar a producirse o seu desbordamento, salvo os casos que se indican no número 7.4 desta norma. Supón un escenario límite ao cal pode estar sometida a presa, en que se poden admitir marxes de seguranza máis reducidas.

Estas enchentes refírense ás enchentes de entrada ao encoro, e para o dimensionamento dos órganos de desaugamento terase en conta o efecto de laminación producido nel.

5.3 Para o dimensionamento do sistema de desvío do río durante a construción da presa determinarase unha enchente de construción, en función dos riscos asumibles durante o período de execución das obras.

6. Niveis

6.1 No proxecto estableceranse e xustificaranse os niveis que se definen a continuación:

a) Nivel máximo normal (NMN): é o máximo nivel de retención de auga que se alcanza no encoro cando todos os elementos mecánicos dos órganos de desaugamento se encontran cerrados.

b) Nivel de enchente de proxecto (NEP): a partir do NMN, é o máximo nivel que alcanzará a auga no encoro, considerando a súa acción laminadora, durante o paso da enchente de proxecto.

c) Nivel de enchente extrema (NEE): a partir do NMN, é o máximo nivel que alcanzará a auga no encoro, considerando a súa acción laminadora, durante o paso da enchente extrema.

No proceso de laminación poderase ter en conta a capacidade de todos os elementos de desaugamento (aliviadoiros principais e de emerxencia, diques fusibles, desaugamentos de medio fondo e de fondo, etc.), sempre que estea asegurado o seu correcto funcionamento en situacións de enchente. En canto ás tomas de explotación, en xeral non se considerará a súa contribución e, en caso contrario, deberá xustificarse a súa fiabilidade e correcto funcionamento en situacións de enchente.

6.2 Nas presas de laminación cuxos órganos de desaugamento carezan de dispositivos de peche, analizaranse as situacións derivadas da obstrución fortuíta destes.

6.3 Así mesmo, no proxecto, con vistas á construción da presa, definiranse os seguintes niveis para o encoro creado pola torneira:

- O máximo nivel de retención de auga, en situación normal.
- O máximo nivel que alcanzará a auga durante o paso da enchente de construción, empregando para a súa laminación todos os órganos de desaugamento de que dispoña o sistema de desvío do río.

7. Abeiros

7.1 O abeiro defínese como a diferenza entre o nivel da auga no encoro nunha situación concreta e o coroamento da presa, ou a do seu elemento impermeable no caso das presas de materiais soltos. Nas presas desta tipoloxía teranse en conta para a súa determinación, ademais, os asentos posconstrutivos.

Para os efectos de determinación do abeiro, considerarase como cota de coroamento a máis elevada da estrutura resistente do corpo da presa.

7.2 Co encoro cheo até o NMN, o abeiro, ademais de ser suficiente para o desaugamento das enchentes, será superior á máxima sobreelevación das ondadas que poidan producirse baixo a acción combinada de vento e sismo.

7.3 Durante o paso da enchente de proxecto, o abeiro será superior á máxima sobreelevación da ondada orixinada pola acción do vento.

7.4 Durante o paso da enchente extrema admitirase un esgotamento parcial ou total do abeiro, de acordo coas seguintes condicións:

a) Nas presas de materiais soltos, terase en conta a máxima sobreelevación da ondada orixinada pola acción do vento, e non se admitirán verteduras sobre o coroamento, salvo que estean especificamente proxectadas para isto.

b) Nas presas de fábrica só se admitirán verteduras accidentais sobre o coroamento debido ás sobreelevacións da ondada producidas pola acción do vento. En todo caso, xustificarase que tales verteduras non comprometen a seguranza da presa.

8. Períodos de retorno

8.1 As enchentes de proxecto e extrema seleccionaranse, en función da categoría da presa e unha vez avaliada a evolución do risco no tempo, de tal forma que se garantan uns períodos de retorno para os niveis de enchente de proxecto e de enchente extrema iguais ou superiores aos que se indican na táboa I.

Táboa I. Períodos de retorno que se considerarán para os niveis das enchentes de proxecto e extrema (en anos)

| Categoría da presa | Nivel enchente de proxecto | Nivel enchente extrema | |
|--------------------|----------------------------|------------------------|----------------------------|
| | | Presas de fábrica | Presas de materiais soltos |
| A | 1.000 | 5.000 | 10.000 |
| B | 500 | 1.000 | 5.000 |
| C | 100 | 500 | 1.000 |

8.2 A enchente de construción seleccionárase de tal forma que a probabilidade de superación do máximo nivel admisible do encoro creado pola torneira durante o prazo de execución das obras, para unha estimación prudente do dito prazo, sexa a que figura na táboa II, en función da categoría da presa.

Táboa II. Probabilidades de superación do máximo nivel admisible do encoro da torneira

| Categoría da presa | Probabilidade de superación | |
|--------------------|-----------------------------|----------------------------------|
| | Presas de fábrica – (%) | Presas de materiais soltos – (%) |
| A | ≤ 10 | ≤ 5 |
| B | ≤ 20 | ≤ 10 |
| C | ≤ 25 | ≤ 20 |

9. Capacidade dos órganos de desaugamento

9.1 Os órganos de desaugamento dimensionaranse en función das enchentes definidas no número 5 da presente norma, e cos niveis e abeiros especificados nos números 6 e 7 desta.

9.2 Comprobarase que o funcionamento dos órganos de desaugamento en condicións límite, para a enchente extrema, non compromete a seguranza da presa.

9.3 Os desaugamentos intermedios e de fondo das presas dimensionaranse de forma que poidan facilitar o control do nivel do encoro, en particular durante a súa primeira enchedura.

10. Control dos órganos de desaugamento

10.1 Os elementos de control dos órganos de desaugamento deberán estar proxectados de tal forma que se asegure o seu funcionamento en calquera situación e, en particular, en situacións de enchente. Deberán dispor de dispositivos de accionamento redundantes, estar alimentados por fontes de enerxía independentes, segundo se sinala no número 20 desta norma, e accesos garantidos e controlados en calquera situación. En calquera caso, deberase asegurar que os elementos de control dos órganos de desaugamento presentan unha alta fiabilidade.

10.2 Os gálidos e a luz entre pías dos vans dos aliviadoiros de superficie estarán deseñados para permitir o paso dos elementos flotantes que poidan chegar ao encoro durante as enchentes.

10.3 Os aliviadoiros controlados exclusivamente por comportas deberán dispor, como mínimo, de dous vans.

10.4 As comportas dos aliviadoiros deberán permitir a sobrevertedura sobre elas en condicións de seguranza para todos os seus mecanismos.

10.5 Nas presas clasificadas nas categorías A ou B, os desaugadoiros de fondo constarán como mínimo de dous condutos, provistos, cada un, de, ao menos, dous elementos de peche instalados en serie susceptibles de ser tornados no seu extremo de augas arriba, en caso de necesidade. As grandes presas de categoría C disporán ao menos dun conduto de desaugamento para o seu baleiramento.

10.6 Non se permitirán os condutos de desaugamento en presión discorrendo a través do corpo dunha presa de materiais soltos, a menos que estean situados no interior de galerías que os illen do contacto directo co material da presa ou, se o cemento o permite e se xustifica adecuadamente, en gabias escavadas baixo o corpo de presa, convenientemente deseñadas, escavadas e formigonadas posteriormente.

10.7 Estudaranse os posibles escenarios de avarías que poidan producirse durante a explotación nos órganos de desaugamento, analizando as súas consecuencias e adoptando as medidas pertinentes. En todo caso, nos aliviadoiros controlados por comportas analizarase a situación de que un 25% delas se encontre fóra de servizo, ou unha, como mínimo, cando se presente a enchente de proxecto.

Sección III. Comprobación estrutural

11. Comprobación estrutural

11.1 No proxecto comprobarase o comportamento estrutural da presa e das súas obras anexas ante as accións actuantes e as súas posibles combinacións, e razoaranse e xustificaranse os niveis de seguranza que se adopten en cada caso segundo a categoría en que se clasifique a presa, as súas dimensións e tipoloxía, así como o tipo de acción, a súa probabilidade de ocorrencia e a súa permanencia no tempo.

11.2 As accións que se considerarán actuando sobre a presa serán as seguintes:

- Peso propio.
- Empuxe hidrostático.
- Presións intersticiais no corpo de presa e no cemento.
- Efectos térmicos.
- Empuxe dos sedimentos.
- Efecto da ondada.
- Efectos sísmicos.
- Empuxe do xeo.
- E as particulares que procedan en cada caso.

11.3 As accións clasificaranse en permanentes ou variables, dependendo do seu alcance temporal. Para cada acción variable defíniranse o seu valor en situación normal, accidental e, cando sexa aplicable, en situación extrema.

Son situacións accidentais das principais accións variables as seguintes:

- Desencoramento rápido.
- Fallo do sistema de drenaxe.
- Enchente de proxecto.
- Sismo de proxecto.

En encoros cerrados por presas de materiais soltos e cuxa explotación normal implique descensos de nivel con velocidades superiores ao coeficiente de permeabilidade medio do espigón de auga arriba, a situación de desencoro rápido será cualificada como situación normal.

11.4 As accións combinaranse entre si, atendendo á súa probabilidade de presentación e á súa permanencia no tempo, dando orixe, en xeral, aos seguintes tipos de situacións de proxecto:

a) Situacións normais: corresponden ao peso propio, ao empuxe hidrostático e á súa correspondencia en termos de presións intersticiais, ao empuxe dos sedimentos, para os efectos térmicos, do vento e do xeo, e a calquera combinación destas mesmas accións que se poida presentar no tempo de forma persistente, co encoro en distintos niveis, con límite no nivel máximo normal (NMN).

b) Situacións accidentais: resultarán da combinación das accións permanentes e variables tomando só unha destas o valor accidental.

Corresponden ao peso propio, ao empuxe hidrostático e ás presións intersticiais e o seu aumento anormal, ao empuxe dos sedimentos, para os efectos térmicos, do vento máximo e do xeo, á acción do sismo de proxecto, á carga hidrodinámica do encoro e a calquera combinación destas que se poida presentar no tempo con duración limitada e co encoro en distintos niveis, con límite no nivel da enchente de proxecto (NEP).

Non se considerará a presentación simultánea da enchente de proxecto e do sismo de proxecto.

Nas presas de materiais soltos considerárase, ademais, a situación de desencoramento rápido e analizarase o efecto das accións e a súa combinación nas distintas etapas de construción.

c) Situacións extremas:

Resultan da combinación de accións permanentes e variables tomando só unha destas o valor extremo e o resto o seu valor normal.

Corresponden ao peso propio, ao empuxe hidrostático e ás presións intersticiais e o seu aumento anormal, ao empuxe dos sedimentos, para os efectos térmicos, do vento máximo e do xeo, á acción do sismo extremo, á carga hidrodinámica do encoro e a calquera combinación destas que se poida presentar no tempo con duración limitada e co encoro en distintos niveis, con límite no nivel da enchente extrema (NEE).

Non se considerará a presentación simultánea da enchente extrema e do sismo extremo.

Nas presas de materiais soltos considerárase ademais a situación de desencoro rápido.

Considéranse tamén como situacións extremas aquelas en que dúas accións variables toman simultaneamente o seu valor accidental e o resto, o seu valor normal.

11.5 Na cuantificación das accións anteriores consideráranse, na medida en que o coñecemento científico e técnico o permita, os posibles efectos do cambio climático.

12. Accións hidráulicas

12.1 O empuxe hidrostático sobre a presa considerárase que actúa integramente até o punto máis baixo da cimentación de cada bloque, no caso das presas de fábrica, ou até o punto máis baixo do elemento impermeable, no das de materiais soltos.

12.2 Deberán estudarse en cada situación de proxecto os procesos de xeración e disipación das presións intersticiais no cemento e corpo de presa.

12.3 Nas presas de materiais soltos coidárase o deseño de filtros e drenaxes para evitar a aparición de fenómenos de erosión interna e estudarase de forma especial nelas os contactos con obras de desaugamento ou galerías que poidan atravesalas e os cimentos que poidan ser susceptibles de ser erosionados.

13. Accións sísmicas

13.1 Teranse en conta as accións sísmicas sobre a presa e sobre o encoro, de conformidade coa actividade sísmica da rexión en que se localiza o encoro.

13.2 A presa comprobarase para os sismos que se definen a continuación e xustificárase, en todo caso, a metodoloxía utilizada para considerar o efecto hidrodinámico da auga do encoro sobre a presa e as súas estruturas anexas.

a) Sismo de proxecto: é o sismo máximo que hai que ter en conta na comprobación da estabilidade da presa, dos seus elementos e das marxes do encoro.

b) Sismo extremo: é o maior sismo que a presa debe soportar. Supón un escenario límite ao cal pode estar sometida a presa sen que se produza a súa rotura, ben que admitindo marxes de seguranza máis reducidas.

13.3 Os períodos de retorno que hai que considerar para os sismos de proxecto e extremo non serán inferiores aos que se indican na táboa III.

Táboa III. Períodos de retorno mínimos que se considerarán para os sismos de proxecto e extremo

| Categoría da presa | Sismicidade | | |
|--------------------|-------------------------------|---|--------------------------|
| | Moi baixa $a_b \leq 0.04g$ | Baixa e moderada $0.04g < a_b < 0.20g$ | Alta $a_b \geq 0.20g$ |
| A | N.A. | SP = 1.000 anos | |
| | | SE = 5.000 anos | SE = 10.000 anos |
| B | N.A. | SP = 1.000 anos | |
| C | N.A. | SP = 1.000 anos | |

a_b = aceleración básica (10% de probabilidade de excedencia en 50 anos) usada para a definición cualitativa da actividade sísmica local.

N.A. = non aplica.

SP = sismo de proxecto.

SE = sismo extremo.

13.4 Na falta de información específica, os parámetros sísmicos básicos serán os indicados na norma de construción sismorresistente en vigor para os períodos de retorno indicados.

13.5 Nas presas de categoría A situadas en zonas de alta sismicidade realizarase un estudo sismotectónico específico en que se xustificará o sismo extremo adoptado e se analizará o comportamento dinámico da presa ante a súa presentación.

13.6 Nas presas en que polas características sismotectónicas do lugar e as dimensións do encoro poida preverse a xeración dunha sismicidade inducida, indicaranse as accións oportunas para establecer a correspondente vixilancia, analizando os efectos do posible sismo.

14. Accións térmicas

14.1 Nas presas de fábrica incluírase no proxecto un estudo térmico.

14.2 Nas presas de tipoloxía bóveda de simple ou dobre curvatura xustificárase a distribución de temperaturas adoptada no corpo de presa en cada unha das hipóteses de cálculo. Determinaranse as temperaturas máximas de colocación do formigón, así como o efecto dos sistemas de refrixeración e a temperatura de inxección das xuntas. Así mesmo, analizaranse os movementos e estados tensionais para diferentes épocas do ano e diferentes niveis de encoramento.

15. Coeficientes de seguranza

15.1 Para cada unha das situacións de proxecto definidas no número 11.4 desta norma, determinarase o grao de seguranza que presenta a presa.

15.2 O valor admisible dos coeficientes de seguranza establecerase en función da categoría en que se clasificase a presa, unha vez avaliada a evolución do risco no tempo,

e tendo en conta, ademais, o grao de fiabilidade na estimación das accións, parámetros resistentes e metodoloxías que interveñan no cálculo.

15.3 O/a proxectista xustificará razoadamente, mediante un estudo específico, os coeficientes de seguranza referentes á estabilidade da presa. En todo caso, os ditos coeficientes non serán inferiores aos que figuran na seguinte táboa IV.

Táboa IV. Coeficientes de seguranza mínimos relativos á estabilidade da presa

| Situación | Categoría da presa | | |
|-------------|--------------------|-------|-------|
| | A | B | C |
| Normal. | 1,4 | 1,4 | 1,3 |
| Accidental. | 1,3 | 1,2 | 1,1 |
| Extrema. | > 1,0 | > 1,0 | > 1,0 |

15.4 O/a proxectista xustificará razoadamente, mediante un estudo específico, os coeficientes de seguranza mínimos respecto ás tensións efectivas do corpo das presas de fábrica. En todo caso, os ditos coeficientes non serán inferiores aos valores que se indican na táboa V.

Táboa V. Coeficientes de seguranza mínimos relativos ás tensións efectivas no corpo de presas de fábrica

| Situación | Categoría da presa | | |
|-------------|--------------------|-----|-----|
| | A | B | C |
| Normal. | 3,0 | 2,5 | 2,0 |
| Accidental. | 2,0 | 2,0 | 1,5 |

Sección IV. O terreo e os materiais

16. O encoro e a engroba

16.1 Deberán analizarse as características topográficas, xeolóxicas, hidroxeolóxicas e xeotécnicas do terreo da engroba e encoro. O alcance das investigacións e estudos que se realicen será tal que permita caracterizar os terreos afectados pola presa e os correspondentes ao vaso do encoro, e obter os parámetros de cálculo necesarios para determinar a resistencia, deformabilidade, permeabilidade e estabilidade fisicoquímica do terreo.

16.2 Os parámetros resistentes que se empregarán nos cálculos corresponderán aos valores característicos (aqueles que teñen unha probabilidade do 95% de non ser inferiores) e xustificaranse cun número suficiente de ensaios, ademais de con outros métodos indirectos que redunden nunha maior robustez da estimación.

16.3 Dada a incerteza sobre a resistencia ao corte dos macizos rochosos e, en particular, a do seu contacto coas presas de fábrica, adoptaranse valores conservadores das características resistentes do dito contacto para a comprobación da estabilidade ao desprazamento da presa.

16.4 Comprobarase a estabilidade do conxunto presa-terreo tendo en conta as súas características xeomorfolóxicas, xeotécnicas e tectónicas e, en particular, todas as peculiaridades que o cemento poida presentar.

16.5 Investigárase se nas marxes do encoro existen terreos con risco de inestabilidade que poidan provocar escorregamentos das ladeiras, ao variar rapidamente o nivel da auga. Neste caso estudaranse as condicións de estabilidade das ladeiras,

particularmente ante situacións de desencoramento rápido, e analizarase a posible obstrución do encoro pola masa que escorregou e a xeración de ondas nel.

17. Materiais

17.1 Para a construción das presas deberán empregarse materiais cuxas propiedades intrínsecas, a súa posta en obra e a súa evolución no tempo sexan susceptibles de control.

17.2 O proxecto deberá definir os materiais que se empregarán, determinar a súa procedencia, localización xeográfica e os volumes dispoñibles, establecer as características que deben cumprir e concretar os procedementos para a súa comprobación e control. Os materiais deberán ensaiarse e as unidades de obra executaranse conforme as especificacións do proxecto.

17.3 Nos cálculos usaranse os valores característicos dos parámetros resistentes dos materiais. Se non existe base estatística suficiente para establecer tales valores, estes asignaranse mediante estimacións conservadoras a partir dos datos dispoñibles.

17.4 Analizarase se os materiais que se empregarán son potencialmente degradables ou evolutivos co tempo e, en tal caso, a súa posible afección á seguranza da presa.

Sección V. Medidas complementarias de seguranza

18. Auscultación

18.1 A presa, o seu cimento, o encoro e as marxes deste deberán dispor de equipamentos de auscultación adecuados para poder analizar o seu comportamento de forma periódica e detectar as anomalías que poidan afectar a súa seguranza.

18.2 Identifícaranse e analizaranse os potenciais modos de fallo do sistema presa-encoro e vincularase a eles o sistema de auscultación de que se disporá.

18.3 Os sistemas de auscultación deberán permitir desde o inicio da construción obter información do comportamento da presa e do encoro que pecha, mediante o control e seguimento de, ao menos, as seguintes variables:

- Precipitacións.
- Nivel do encoro.
- Temperaturas
- Caudais drenados e filtracións.
- Presións intersticiais.
- Deformacións e movementos.
- Actividade sísmica, cando as circunstancias o requiran.

19. Accesos e sistemas de comunicación

19.1 A presa e as súas instalacións estarán dotadas de accesos garantidos, mesmo en circunstancias adversas, salvo xustificación específica.

19.2 Os equipamentos e sistemas de comunicación deberán deseñarse de forma que poidan estar permanentemente operativos e ser redundantes.

20. Enerxía e iluminación

20.1 Para garantir o funcionamento dos órganos de desaugamento, a iluminación e demais servizos esenciais dunha presa clasificada nas categorías A ou B, dispórase como mínimo de dúas fontes de enerxía independentes, unha das cales estará constituída por un ou varios grupos electrógenos localizados en lugar seguro, non inundable e con garantía de poder acceder a eles en calquera circunstancia.

20.2 Toda presa debe estar debidamente iluminada no seu conxunto e, particularmente, os seus órganos de desaugamento e instalacións fundamentais. Deberá

disporse de iluminación de emerxencia, como mínimo, nas galerías de inspección e en todos aqueles recintos que alberguen as instalacións da presa.

CAPÍTULO III

Construción

21. Construción

21.1 O comezo da fase de construción dunha presa precisará, por parte da Administración hidráulica competente, que o proxecto estea aprobado e que o titular designase o director/a de construción.

21.2 Durante a construción dunha presa disporase permanentemente de equipos de vixilancia e control que comprobarán que os materiais utilizados na obra, os medios e métodos de construción e as dimensións das obras cumpren as previsións do proxecto, que a maquinaria empregada resulta adecuada e que as obras se executan coa calidade requirida e cos condicionantes establecidos no proxecto.

21.3 Durante a execución das obras dunha presa realizarase un seguimento e control do seu comportamento e evolución en función dos datos subministrados polo sistema de auscultación instalado e polas inspeccións realizadas.

21.4 Durante esta fase corroborarase e complementarase a información incluída no proxecto sobre o terreo e os materiais, e outros aspectos como o clima, o río e a súa contorna. Se, como consecuencia desta información adicional, hai que introducir modificacións no proxecto, nos procesos construtivos ou no plan de obra, tales modificacións someteranse ao establecido no capítulo II da presente norma técnica de seguranza.

21.5 Na fase de construción constituirase o arquivo técnico da presa, formado polo proxecto, as modificacións introducidas neste, a documentación sobre as características reais dos materiais empregados na súa construción, do terreo de cimentación e dos tratamentos realizados, a cartografía xeolóxica e xeotécnica de detalle, os controis realizados sobre a calidade da obra, os informes periódicos elaborados sobre todos estes temas e a información sobre o comportamento da presa, así como os documentos, datos e incidencias observados durante a construción.

21.6 As torneiras e os posibles encoros parciais orixinados durante a súa construción, en épocas de augas altas, estarán sometidos aos mesmos requirimentos de seguranza exixidos á presa principal durante a súa construción, aínda que considerando as circunstancias específicas de prazo e risco.

21.7 Finalizadas as obras, o director/a de construción elaborará unha memoria destas que se incorporará ao arquivo técnico da presa.

21.8 A fase de construción finalizará co recoñecemento por parte da Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros de que a presa foi executada de acordo co proxecto aprobado, e as súas eventuais modificacións posteriores tamén aprobadas.

CAPÍTULO IV

Posta en carga de presas e enchedura de encoros

22. Posta en carga

22.1 A posta en carga dunha presa e a enchedura do encoro que pecha, unha vez que se estea en condicións de encorar de forma controlada, deben entenderse como unha fase singular de transición entre o final da construción e o comezo da explotación.

22.2 Antes do inicio da posta en carga o titular da presa redactará un programa do proceso de posta en carga, que someterá á aprobación da Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros, a cal ditará a resolución que proceda e

efectuará a súa notificación no prazo máximo de 6 meses contado desde o día seguinte ao de presentación da solicitude por parte do titular da presa.

Transcorrido o prazo de seis meses sen que se notificase unha resolución expresa, o titular da presa entenderá desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

22.3 Durante o desenvolvemento deste os criterios de seguranza prevalecerán sobre calquera outro de tipo técnico ou de operación que poida entrar en conflito con eles.

22.4 Para iniciar a posta en carga dunha presa, o seu titular designará un técnico competente en materia de seguranza de presas e encoros como director/a desta, e o equipo técnico responsable da xestión do dito programa.

22.5 A posta en carga poderá ser total ou parcial e coas obras rematadas ou sen rematar, e estas posibilidades analizaranse no correspondente programa. En caso de forza maior, en que a posta en carga sobreveña, parcial ou totalmente, sen a designación previa do director/a específico para esta fase, o director/a da construción encargarse do seu control.

22.6 A posta en carga da presa só poderá iniciarse cando se dispoña da pertinente aprobación da Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros. Nas presas de categorías A ou B, para poder iniciar a fase de posta en carga, terá que estar aprobado e implantado o plan de emerxencia da presa.

22.7 O programa de posta en carga, total ou parcial, recollerá os seguintes aspectos:

- Evolución probable do nivel de encoro.
- Chanzos de enchedura que permitan a auscultación e a análise dos seus resultados.
- Máximos ritmos recomendables nas variacións de nivel do encoro.
- Análise da capacidade de desaugamento para controlar os niveis no encoro.
- Comprobacións e observacións que se realizarán.
- Informes de comportamento que se realizarán.
- Previsión de actuacións que se adoptará e estratexia que se seguirá en situacións extraordinarias.

22.8 Nas presas de laminación cuxos órganos de desaugamento carezan de dispositivos de peche, e nas cales, polas características excepcionais con que se presentan as achegas ao seu encoro, non sexa fisicamente posible realizar unha posta en carga planificada, establecerase un programa especial de controis e observacións que hai que realizar cando sobreveñan as correspondentes enchentes.

22.9 O director/a da posta en carga, á vista do desenvolvemento desta fase da vida da presa, poderá propor modificacións no programa de posta en carga aprobado, que para poder levarse a cabo deberán ser autorizadas, con carácter previo, pola Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros. Igualmente, o director/a da posta en carga comunicará á Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros todas as incidencias que se produzan durante o desenvolvemento desta e redactará, ao final dela, unha memoria que se incorporará ao arquivo técnico da presa xunto co programa de posta en carga.

22.10 A memoria do proceso de posta en carga presentarase ante a Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros, a quen corresponderá aprobar e dar por finalizada a dita fase. A resolución que proceda e a súa notificación efectuaráa no prazo máximo dun ano contado desde o día seguinte ao de presentación da solicitude por parte do titular da presa.

Transcorrido o prazo dun ano sen que se notificase unha resolución expresa, o titular da presa entenderá desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

ANEXO III

Norma técnica de seguranza para a explotación, revisións de seguranza e posta fóra de servizo de presas

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

1. Obxecto

A presente norma técnica de seguranza ten por obxecto establecer os requisitos e condicións mínimas que deben cumprir as presas, e os encoros cerrados por elas, para efectos de garantir as súas condicións de seguranza durante a súa explotación e posta fóra de servizo.

2. Ámbito de aplicación

Esta norma técnica de seguranza será de aplicación ás presas situadas en leitos e aos seus diques secundarios que teñan a consideración de grandes presas, así como ás que teñan a consideración de pequenas presas e fosen clasificadas nas categorías A ou B.

Para os efectos desta norma técnica de seguranza enténdese por gran presa aquela cuxa altura sexa superior a 15 metros ou a que, cunha altura comprendida entre 10 e 15 metros, teña unha capacidade de encoramento superior a 1 hectómetro cúbico. O resto terá a consideración de pequena presa.

En canto ás categorías de clasificación, son as que se establecen no número 3 da Norma técnica de seguranza para a clasificación das presas e para a elaboración e implantación dos plans de emerxencia de presas e encoros.

CAPÍTULO II

Explotación

Sección I. Criterios básicos de seguranza

3. Prevalencia da seguranza

Ao longo desta fase da vida da presa terase presente, en todo momento, que ante o conflito que poida presentarse entre as exixencias de seguranza e as alternativas de explotación ou outros requirimentos, serán os criterios de seguranza da presa e do encoro os que prevalezan sobre calquera outro aspecto.

4. Responsabilidades do titular

4.1 O titular, como responsable da seguranza da presa, deberá dispor nas súas proximidades dos medios humanos e materiais necesarios e adecuados para a súa correcta explotación, o seu mantemento e conservación e para o seguimento do seu comportamento.

4.2 O titular incluírá e definirá nas normas de explotación a que se refire o número 18, a localización e accesibilidade dos medios materiais e humanos de que dispón para atender de forma inmediata as situacións de emerxencia que poidan producirse.

4.3 A organización do equipo humano deberá cumprir o especificado no número 8.

4.4 O titular adoptará cantas medidas sexan necesarias para detectar e corrixir eventuais defectos ou deterioracións producidos na presa, nas súas obras accesorias, no seu equipamento ou no encoro, para o que deberá realizar unha inspección e valoración do seu estado e comportamento, de acordo cos plans que se establezan. Así mesmo,

elaborará os informes precisos sobre tales circunstancias, que terá dispoñibles para a súa entrega á Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros cando esta así o requira.

4.5 O titular deberá realizar os traballos de mantemento, conservación e vixilancia da obra civil, equipamentos e sistemas complementarios, así como os de reparación e reforma necesarios, coa finalidade de manter os niveis de seguranza requiridos e garantir a operatividade de todas as instalacións.

4.6 O titular adoptará as condicións e medidas que, a xuízo da Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros, e de maneira xustificada, lle poidan ser requiridas por motivos de seguranza.

4.7 No caso de que a explotación da presa sexa obxecto dun contrato de arrendamento ou cesión a favor doutra entidade ou persoa física, no correspondente contrato incluírase unha cláusula en virtude da cal o arrendatario ou cesionario asumirá as obrigacións do titular e será responsable do cumprimento destas, ben que este último será o responsable subsidiario da seguranza inherente daquela. Esa situación, así como as modificacións que concorran, comunicaranse á Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros, e achegarase a documentación precisa desta.

5. Reformas, modificacións, rehabilitacións ou obras en presas e encoros

Calquera modificación, rehabilitación, reforma ou realización de obras complementarias que se vaian executar na presa, nas súas instalacións auxiliares ou no encoro que poidan afectar de forma significativa a seguranza someteranse, coa xustificación necesaria, á autorización previa da Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros.

Sección II. Inicio da explotación

6. Requisitos para o inicio da explotación

O titular, ademais de cumprir co exixido no número 8 concernente á organización, deberá:

- Ter designado o equipo encargado da explotación da presa e aprobado o nomeamento do director/a de explotación por parte da Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros.
- Ter incorporado ao arquivo técnico da presa os documentos que conteñan toda a información das obras realmente executadas e da fase de posta en carga, así como a das incidencias de todo tipo acaecidas que poidan influír posteriormente no comportamento da presa e do encoro e na seguranza de ambos.
- Ter aprobado e implantado o correspondente plan de emerxencia, naquelas presas clasificadas polo seu risco potencial nas categorías A ou B.
- Ter aprobadas as normas de explotación.

7. Fase de explotación

A presa encontrarase nesta fase da súa vida cando se comunicase á Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros o cumprimento dos requisitos enumerados no número anterior, e esta o autorizase.

Sección III. Control da seguranza

8. Organización

8.1 O titular da presa propondrá á Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros un equipo encargado da súa explotación, á fronte do cal figurará un

técnico competente en materia de seguranza de presas e encoros como director/a de explotación. Para aqueles titulares que teñan diferenciada a operación da instalación da seguranza, o director/a de explotación será o que exerza os labores de xestión desta última e as súas decisións prevalecerán en caso de disparidade de opinión fronte ao director/a da operación da instalación.

8.2 A aprobación do nomeamento do director/a de explotación corresponderá á Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros. A dita solicitude de aprobación realizarase de forma electrónica no caso das persoas xurídicas ou dos seus representantes, segundo o disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nas normas que desenvolvan a citada lei, ou ben en calquera das formas a que se alude no artigo 16.4 da referida Lei 39/2015 no caso das persoas físicas e nas normas de desenvolvemento da citada lei.

A resolución que proceda e a súa notificación efectuará a Administración no prazo máximo de tres meses contado desde o día seguinte ao de presentación da solicitude por parte do titular da presa.

Transcorrido o prazo citado sen que se notificase unha resolución expresa, o titular da presa entenderá desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

8.3 No caso de declaración do escenario 0 a que se refire o número 15.7 da Norma técnica de seguranza para a clasificación das presas e para a elaboración e implantación dos plans de emerxencia de presas e encoros, e até o momento en que se volva á situación de normalidade, as decisións do director/a do plan de emerxencia prevalecerán sobre as de calquera outro, incluído, se non coincide na mesma persoa, o director/a de explotación, sen prexuízo do que poida decidir o comité permanente conforme o disposto no artigo 49 do Regulamento da administración pública da auga e da planificación hidrolóxica, en desenvolvemento dos títulos II e III da Lei de augas aprobado polo Real decreto 927/1988, do 29 de xullo.

8.4 O titular garantirá a continuidade na dirección do equipo e o adecuado traspaso de funcións que, de producirse, se formalizará documentalmente.

8.5 O titular establecerá o equipo humano encargado da explotación da presa de forma que poida atender satisfactoriamente os labores de vixilancia e conservación das instalacións, efectuar a adecuada operación dos órganos de desaugamento e a avaliación do comportamento da presa e do encoro. Pola súa vez, disporá dos medios materiais necesarios para levar a cabo esta misión coas adecuadas garantías e coñecemento da súa localización.

8.6 O titular deberá garantir que o equipo encargado da realización das actividades relacionadas coa explotación contidas nesta norma técnica de seguranza está debidamente formado e coñece as instrucións correspondentes para desempeñar satisfactoriamente as misións que se lle asignasen, incluída a comunicación de calquera circunstancia que poida afectar a seguranza da presa ou o encoro.

9. Vixilancia

9.1 A vixilancia é o elemento básico da xestión da seguranza de presas e encoros e consiste na realización dunha serie de actividades e tarefas:

- Concomitantes e orientadas a un obxectivo común.
- Complementarias, de maneira que poidan apoiarse mutuamente.
- Suficientemente redundantes, para paliar a ausencia ou fallo total ou parcial doutra actividade que, por calquera causa, poida producirse.

Esas diferentes actividades e tarefas refírense, na práctica, a inspeccións visuais, auscultación, inspección e probas de funcionamento dos sistemas e equipamentos eléctricos e hidromecánicos e análise de toda a información.

A vixilancia proporciona observacións, medicións e inspeccións, que son a base imprescindible da análise do comportamento e que posibilitan a detección temperá de

fenómenos precursores de eventuais anomalías e cambios na evolución do comportamento.

9.2 Todas as actividades de vixilancia estarán contidas nos plans específicos a que se alude nos seguintes artigos e que, obrigatoriamente, deberán incluírse nas normas de explotación. Cada un deles detallará os elementos e aspectos obxecto de seguimento, a frecuencia e o alcance deste, a forma do rexistro documental das observacións, así como as funcións que desenvolverá cada un dos membros do equipo encargado da súa realización. Así mesmo, definiranse as actuacións que se acometerán ante a presentación de circunstancias extraordinarias.

9.3 O contido dun plan poderá ser modificado en calquera sentido e aspecto se a información que se vaia obtendo da súa posta en práctica así o aconsella, e a correspondente versión actualizada quedará incorporada ás normas de explotación.

9.4 Calquera anomalía detectada nos traballos de vixilancia, constituída por un feito novo ou un cambio no estado ou comportamento dun determinado aspecto, será comunicada inmediatamente ao director/a de explotación polo equipo encargado do correspondente control.

10. Inspección visual da presa, encoro e obra civil

10.1 O titular deberá efectuar inspeccións visuais directas de carácter periódico da presa, encoro e obra civil co fin de comprobar o estado en que se encontran e o seu comportamento. Para isto elaborará un plan de inspección que recollerá os aspectos mencionados no número 9.2, que se incluírá nas normas de explotación.

10.2 Eses labores de inspección levaranse a cabo no interior e exterior da presa, incluída a súa cimentación, nas instalacións auxiliares, accesos, equipamentos e sistemas, pero tamén no encoro, incluídas as súas ladeiras, podendo incrementarse, se for necesario, a teor da información que se vaia obtendo. Esas posibles ampliacións quedarán documentadas nas sucesivas revisións do plan de inspección.

10.3 As partes inundadas da presa e do encoro que, polas súas características funcionais ou polo coñecemento histórico que delas se teña, aconsellen un control do seu estado, serán tamén obxecto de seguimento mediante os procedementos adecuados.

10.4 Salvo que se xustifique o contrario, para a correcta inspección e vixilancia nocturna das presas, estas iluminaranse no seu conxunto e, particularmente, os seus órganos de desaugamento e instalacións fundamentais.

11. Auscultación

11.1 A auscultación, para efectos de seguranza das obras e a súa contorna, é o conxunto de medicións que, a través da instrumentación e de técnicas específicas, axudan a coñecer o estado da presa e do encoro, así como a evolución do seu comportamento. Todas as fases do seu desenvolvemento deberán estar definidas e coordinadas no plan de auscultación que o titular terá que establecer, e que tamén formará parte das normas de explotación.

11.2 O plan de auscultación definirá, como mínimo, as variables principais que hai que controlar da presa, cimento, obras anexas e encoro e a súa zona de influencia, os sistemas e elementos de control daquelas, e a súa forma de rexistro e interpretación, así como a relación dos aparellos de auscultación cos potenciais modos de fallo.

11.3 Os sistemas de control que constitúen a auscultación deberán estenderse a máis zonas da obra e da súa contorna, ou incrementarse se for necesario, a teor da información que se vaia obtendo da instrumentación xa instalada. As posibles ampliacións dos sistemas de control quedarán documentadas nas sucesivas revisións do plan de auscultación.

11.4 A toma de datos dos distintos elementos de control efectuarase coa periodicidade que estableza o plan de auscultación, de acordo cos obxectivos marcados.

11.5 O plan de auscultación establecerá rangos de variación das variables de control establecidas que, en caso de superación, orixinarán niveis de atención especial.

12. Inspección e probas de elementos, equipamentos e sistemas

12.1 O titular elaborará e executará un plan de inspeccións e comprobacións do estado e funcionamento dos elementos, equipamentos fixos e portátiles, sistemas auxiliares e de comunicacións, así como dos elementos que formen parte do plan de emerxencia. O dito plan formará parte das normas de explotación e incluírá todos os aspectos mencionados no número 9.2 da presente norma.

12.2 Os elementos habitualmente inundados que polas súas características ou circunstancias especiais requiran un seguimento do seu estado tamén serán susceptibles de revisión polos procedementos adecuados.

Sección IV. Órganos de desaugamento

13. Órganos de desaugamento

13.1 Para efectos de seguranza, considéranse como órganos de desaugamento os aliviadoiros de superficie e os desaugadoiros profundos, ben sexan intermedios ou de fondo, proxectados coa finalidade de evacuar as enchentes e regular o nivel do encoro. Salvo que se xustifique adecuadamente, quedan excluídas desa denominación as tomas que teñan como misión a derivación de caudais destinados aos usos do encoro ou de caudais ecolóxicos.

13.2 O titular deberá garantir a operatividade de todos os órganos de desaugamento da presa, así como a accesibilidade, de maneira restrinxida, á zona en que se encontren os seus sistemas de accionamento.

14. Operación dos órganos de desaugamento

14.1 Para a operación dos órganos de desaugamento, xa sexa para o control de enchentes, baleiramentos do encoro ou probas dos equipamentos, precisarase dispor de persoal suficiente e con capacidade técnica nas inmediacións da presa.

14.2 Todas as operacións se rexistrarán convenientemente, indicando a cota a que se encontra o encoro, as manobras de válvulas ou comportas efectuadas, os momentos en que estas se levaron a cabo, así como calquera outra actividade complementaria digna de mención ou incidencia destacable. Así mesmo, consignarase toda operación que non se puidese realizar con normalidade, indicando a causa da incidencia, a solución adoptada e o tempo tardado en remediala.

14.3 Os sistemas automáticos, ou actuados a distancia, para a evacuación de caudais consideraranse como un apoio á intervención persoal na presa. Estes sistemas, que deberán ser redundantes e alimentados ao menos por dúas fontes de enerxía diferentes, deberán garantir un funcionamento fiable e posibilitarán, en todo momento, a transferencia do control das verteduras á modalidade de operación manual por parte do persoal.

14.4 En situación de normalidade, procurarase realizar unha apertura gradual dos órganos de desaugamento de maneira que en ningún caso o caudal máximo desaugado supere o caudal correspondente á máxima enchente ordinaria definida no artigo 4.2 do Regulamento do dominio público hidráulico.

14.5 No conxunto de operacións destinadas á xestión dunha enchente nun determinado tramo de río situado augas abaixo dun encoro, ou sistema de encoros, as manobras dos órganos de desaugamento realizaranse de tal maneira que o caudal máximo desaugado non supere, ao longo do período de duración do episodio, o máximo caudal de entrada estimado no dito período, sen prexuízo das manobras que se realicen co obxectivo de aumentar a capacidade de laminación do encoro ou a súa propia seguranza mediante desencoramentos preventivos. Estas operacións para a xestión de enchentes realizaranse sen prexuízo do establecido no artigo 49 do Regulamento da administración pública da auga e da planificación hidrolóxica, que atribúe ao comité permanente a adopción das medidas que considere oportunas.

14.6 O equipo de explotación destinado á operación dos órganos de desaugamento, ademais de coñecer as normas de explotación da presa, deberá contar nelas con instrucións claras e precisas relativas a como efectuar as manobras, así como con consignas xenéricas para o control de enchentes, co fin de posibilitar unha actuación correcta en calquera situación en que se encontre a instalación.

14.7 En caso de que o titular da presa ou o organismo de bacía contén un centro de control con información máis fiable e completa da situación existente augas abaixo da presa, das previsións de precipitacións ou caudais, da situación en que se encontran outras presas, e de calquera outra circunstancia asociada á enchente, que a dispoñible na presa, as actuacións que se efectuarán nela e as directivas en xeral corresponderán ao centro de control, salvo fallo inhabilitante das comunicacións.

Sección V. Control do encoro

15. Niveis

15.1 Nas presas clasificadas nas categorías A ou B o rexistro de cotas do encoro levarase a cabo cunha frecuencia mínima diaria, salvo casos singulares debidamente xustificadas.

15.2 Os niveis do encoro axustaranse ao que se dispoña nas normas de explotación aprobadas para a presa.

15.3 Naqueles casos en que a estabilidade do corpo da presa, ou a das ladeiras do encoro, poida verse afectada polas oscilacións do nivel deste último, analizarase a incidencia que sobre elas ten a evolución dos niveis do encoro e, se for o caso, fixaranse as súas velocidades máximas de variación.

16. Balance hídrico

Nas presas de categoría A e B, con periodicidade diaria, calcularanse e rexistraranse os caudais e achegas de entrada no encoro e os caudais e volumes desaugados deste, e a partir deles realizarase o balance hídrico. Con xustificación especial, o balance poderá facerse en períodos superiores a un día.

17. Abeiros

17.1 Durante a explotación da presa, os abeiros que hai que manter no encoro axustaranse ás condicións de seguranza e de laminación de enchentes establecidas nas normas de explotación da presa.

17.2 Para establecer os abeiros determinarase a distribución estacional das enchentes afluentes ao encoro, con obxecto de ter en conta a súa eventual coincidencia cos niveis de explotación deste nas distintas épocas do ano.

Sección VI. Normas de explotación

18. Normas de explotación

18.1 O titular redactará, implantará e garantirá o cumprimento das normas de explotación da presa e do encoro.

18.2 As normas de explotación incluírán as disposicións necesarias en relación coa seguranza e o correcto funcionamento da presa e as súas instalacións e o encoro, en calquera circunstancia en que se encontren, e recollerán, de forma documental, que labores debe levar a cabo o equipo encargado da explotación de forma que se asegure o cumprimento dos requisitos de seguranza ao longo do tempo.

18.3 As normas de explotación deberán ser actualizadas cando xurdan circunstancias que requiran efectuar nelas cambios que non cheguen a alterar aspectos esenciais do seu

contido, e serán revisadas cando xurdan circunstancias relativas á seguranza que aconsellen a introdución de cambios esenciais nelas. Terán a consideración de aspectos esenciais aqueles que poidan afectar as condicións de seguranza da presa.

18.4 Tanto a primeira versión das normas de explotación como calquera das súas revisións posteriores deberán ser aprobadas pola Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros, de acordo co previsto no artigo 362.2.d) do Regulamento do dominio público hidráulico. A resolución que proceda e a súa notificación realizaraas a Administración no prazo máximo dun ano contado desde o día seguinte ao de presentación da solicitude por parte do titular da presa.

Transcorrido o prazo dun ano sen que se notificase unha resolución expresa, o titular da presa entenderá desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

As actualizacións das normas de explotación non requiren a aprobación desa Administración competente; o titular dará traslado a esta dos cambios realizados nelas.

19. Contido das normas de explotación

Para efectos de seguranza, as normas de explotación incluírán, como mínimo, e sempre que procedan, e de forma breve, clara e concisa, os seguintes aspectos:

- Identificación do titular.
- Obxecto.
- Uso da presa e do encoro.
- Descrición da presa e do encoro.
- Curvas características do encoro.
- Organización da explotación.
- Niveis de encoro:
 - a) Nivel máximo normal, así como os correspondentes ás distintas enchentes definidas.
 - b) Velocidade máxima de variación do nivel do encoro.
 - c) Abeiros estacionais.
 - d) Procedemento para o rexistro de niveis.
- Procedemento para o cálculo e rexistro de achegas entrantes ao encoro e de volumes desaugados.
 - Programa de encoramentos e desencoramentos.
 - Consideración, se for o caso, do efecto deste programa sobre as especies invasoras.
 - Órganos de desaugamento:
 - a) Descrición.
 - b) Curvas de desaugamento.
 - c) Consignas de actuación para a súa operación.
 - d) Instrucións ao persoal.
 - e) Procedemento para o rexistro de manobras e verteduras.
 - f) Procedemento para a notificación de verteduras.
- Plan de inspección da presa, encoro e obra civil.
- Plan de inspeccións periódicas e probas de funcionamento dos equipamentos e sistemas eléctricos, hidromecánicos e de comunicacións.
 - Plan de auscultación da presa e do encoro.
 - Plan de mantemento da presa e do encoro, obra civil, órganos de desaugamento e de equipamentos e sistemas.
 - Procedemento de redacción de informes de comportamento.
 - Normas de actuación en situacións ordinarias e extraordinarias.
 - Protocolo para activación do plan de emerxencia.
 - Sistemas de aviso augas abaixo en situacións de desencoramento.
 - Xestión da documentación incluída ou que se incluírá no arquivo técnico.
 - Directorios propio e externo.

Sección VII. Mantemento

20. Criterios básicos

20.1 O titular elaborará un plan de mantemento, que deberá incluírse nas normas de explotación, no cal se relacionarán todos os elementos obxecto de conservación e o alcance e a frecuencia das actuacións que se realizarán sobre eles, que deberán ser executadas por persoal competente dotado dos medios e materiais adecuados.

20.2 O plan de mantemento constará dunhas accións preventivas periódicas e establecerá a descrición dos posibles traballos correctivos que hai que realizar como resultado das inspeccións efectuadas.

20.3 Toda actuación substancial de mantemento se documentará convenientemente e a información asociada almacenarase no arquivo técnico para que poida ser revisada cando se considere necesario.

21. Mantemento da obra civil e accesos

21.1 O plan de mantemento recollerá as necesidades de conservación e mantemento da presa, do encoro e das súas instalacións auxiliares, incluídos os accesos que sexan propiedade do titular.

21.2 O titular debe manter as instalacións nun estado que permita realizar adecuadamente todas as actividades relacionadas coa súa explotación.

21.3 Deberanse reparar o antes posible as anomalías detectadas no encoro e os danos producidos nos aliviadoiros, canais de descarga, cuncas amortecedoras e en calquera das obras auxiliares á explotación que poidan afectar a seguranza, así como restituír a capacidade de desaugamento do leito na contorna máis próxima á presa no caso de que aquela se vexa alterada por causa do seu funcionamento, sen prexuízo das competencias da Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros e da Administración hidráulica sobre o dominio público hidráulico.

22. Mantemento dos órganos de desaugamento

22.1 O plan de mantemento recollerá as necesidades de mantemento dos elementos correspondentes aos órganos de desaugamento, así como, ao menos, unha comprobación anual do seu completo funcionamento, que deberá ser efectuada por persoal cualificado e formado.

22.2 No caso de existencia de posibles especies invasoras no encoro, valorarase a súa potencial afección ao control e funcionamento dos órganos de desaugamento.

22.3 O titular deberá realizar os traballos de conservación dos órganos de desaugamento, así como os de reparación e reforma necesarios, coa finalidade de mantelos en condicións de operatividade.

22.4 Os accesos, as comunicacións, a subministración de enerxía e a iluminación das instalacións dos órganos de desaugamento deberán manterse en perfecto estado de utilización e deberase garantir en todo momento o seu funcionamento.

23. Mantemento dos equipamentos, fontes de enerxía e outros sistemas

23.1 No plan de mantemento fixaranse as accións pertinentes que se realizarán en todos os equipamentos, fontes de enerxía, sistemas complementarios, auxiliares e de comunicacións, incluídos os elementos propios do plan de emerxencia, con indicación da súa periodicidade e dos medios precisos para levalas a cabo.

23.2 O plan de mantemento recollerá as necesidades de comprobación, conservación e reposicións do sistema de auscultación. Serán obxecto desta planificación a instrumentación e outros puntos de medición, a cablaxe, as centrais de lectura e os aparellos de medida. A existencia de sistemas automáticos de captación de lecturas levará

aparellado o establecemento dun programa de mantemento específico, así como da súa comprobación e, se for o caso, calibración.

Sección VIII. Informes de explotación

24. Informes de comportamento

24.1 O director/a de explotación será responsable da redacción dun informe periódico, de carácter ordinario, en que se recollerán os resultados da vixilancia, é dicir as inspeccións visuais, observacións e revisións realizadas tanto sobre a obra civil, a contorna do encoro e os órganos de desaugamento, como sobre os equipamentos, sistemas e auscultación, os incidentes relevantes ocorridos no período e no cal se concluirá sobre o estado e comportamento da presa e do encoro, con identificación das deficiencias observadas e proposta das accións correctoras oportunas. Así mesmo, indicaranse as actuacións de entidade que se puidesen levar a cabo na presa, nos seus órganos de desaugamento, no encoro ou nas instalacións auxiliares, como consecuencia do cumprimento do plan de mantemento ou derivadas de calquera outra circunstancia.

24.2 Para as presas de categoría A, o informe a que se refire o número anterior elaborárase todos os anos; cada dous anos, no caso das presas de categoría B, e cada 5 anos, no das grandes presas clasificadas na categoría C.

24.3 O titular remitirá as conclusións dos informes periódicos de comportamento da presa e do encoro, e as recomendacións que resultan destas, ás cales queda vinculado, á Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros, que, no exercicio das súas competencias, poderá realizar as observacións que considere pertinentes.

24.4 Independentemente do anterior, a Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros poderá solicitar do titular, de maneira xustificada e ante indicios dalgunha anomalía ou circunstancia que poida afectar as condicións de seguranza, os informes de inspección que considere oportunos, fixando os termos destes e o prazo para a súa realización e remisión.

Sección IX. Arquivo técnico

25. Aspectos xerais

25.1 O titular será responsable da clasificación, dispoñibilidade e posta ao día de toda a documentación incluída no arquivo técnico.

25.2 A organización do arquivo técnico deberá garantir unha fácil accesibilidade aos seus documentos. Deberá aplicarse un control rigoroso de toda a documentación, indicando, como mínimo, data, autor, versión e localización do documento.

25.3 No exercicio das súas funcións, a Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros poderá inspeccionar o arquivo técnico ou solicitar calquera información nel contida.

26. Contido do arquivo técnico

O arquivo técnico da presa conterá, sempre que procedan, os documentos relativos a:

- Proxectos da presa.
- Información sobre a construción: resultados dos ensaios e análise de materiais, xeoloxía, xeotecnia, tratamentos de impermeabilización e drenaxe efectuados e informes de comportamento.
- Clasificación da presa e a súa proposta.
- Normas de explotación.
- Plan de emerxencia.
- Documento técnico de implantación do plan de emerxencia.

- Acta de implantación do plan de emerxencia.
- Programa de posta en carga.
- Memoria da posta en carga da presa e enchedura do encoro.
- Resultados das inspeccións periódicas e da auscultación.
- Evolución do nivel de encoro, caudais entrantes e saíntes, e datos meteorolóxicos.
- Rexistro de datos da xestión de enchentes.
- Documentación relativa aos traballos de revisión, conservación e modificacións realizadas.
 - Resultados das probas periódicas de funcionamento dos equipamentos e dos sistemas eléctricos, hidromecánicos e de comunicacións.
 - Informes periódicos e extraordinarios de comportamento da presa e do encoro, equipamentos e sistemas.
 - Informes dos resultados das revisións xerais e extraordinarias de seguraza.
 - Documentación administrativa: resolucións, recomendacións e actas emitidas pola Administración competente en materia de seguraza de presas e encoros.

CAPÍTULO III

Revisións de seguraza

Sección I. Criterios xerais

27. Revisión xeral

27.1 O titular está obrigado a realizar periodicamente revisións xerais da seguraza da presa e do encoro. Esas revisións levaraa a cabo un equipo técnico especializado distinto do que desenvolve a explotación e do que se encarga da seguraza.

27.2 Estas revisións xerais de carácter periódico relacionadas coa seguraza terán baixo o seu alcance todos os elementos da presa e as súas instalacións, incluído o encoro, e levaranse a cabo coas periodicidades que figuran na táboa I.

Táboa I. Periodicidade da realización das revisións de seguraza

| Grandes presas | |
|-----------------|---------------|
| Categoría | Periodicidade |
| A | ≤ 5 anos |
| B | ≤ 10 anos |
| C | ≤ 15 anos |
| Pequenas presas | |
| A | ≤ 5 anos |
| B | ≤ 10 anos |

27.3 Sen prexuízo do establecido no número 27.2, os titulares dun dereito que permita o uso privativo das augas, tanto para o aproveitamento hidroeléctrico destas como para outro uso, estarán obrigados a presentar ante a Administración competente en materia de seguraza de presas e encoros, un ano antes da data en que se vaia producir a extinción do seu dereito, a documentación acreditativa da realización da revisión xeral de seguraza de presa e encoro prevista nos números 27, 29, 30, 31, 32 e 33 desta norma técnica de seguraza, que efectuasen nos tres anos inmediatamente anteriores. Noutro caso, deberán realizar a dita revisión xeral de seguraza coa antelación suficiente para presentala un ano antes.

28. Revisión extraordinaria

28.1 Despois de situacións consideradas como extraordinarias, tales como grandes enchentes, sismos ou cando concorran outras circunstancias que poidan comprometer a seguranza da presa ou o encoro, realizarase unha revisión extraordinaria que poderá ter un alcance limitado en canto aos aspectos que se revisarán. Ese tipo de revisións poderán ser realizadas polo equipo encargado da seguranza da presa, ou por equipo competente para isto.

28.2 O director/a de explotación redactará un informe da situación da presa e do encoro, ao cal queda vinculado o titular, que será enviado por este á Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros.

28.3 Se a amplitude da revisión, o seu alcance e características, así como o equipo técnico que deba participar nela, é de tal entidade que se poida considerar como unha revisión de tipo xeral, non será necesario realizar outra revisión deste tipo até que se cumpra o prazo definido no número 27.2 desta norma, que se contará a partir da data en que foi efectuada esa revisión extraordinaria.

28.4 En función dos resultados da revisión extraordinaria deberanse actualizar, se procede, os limiares establecidos no plan de emerxencia.

Sección II. Alcance da revisión xeral

29. Alcance da revisión

29.1 Esta revisión deberá incluír, como mínimo, os seguintes aspectos:

- a) Revisión da documentación do arquivo técnico.
- b) Inspección do estado da presa e das súas instalacións.
- c) Análise da seguranza da presa e do encoro.

29.2 Deberán terse en conta os resultados das revisións anteriormente realizadas e as actuacións levadas a cabo ao respecto.

29.3 Se coa información dispoñible e coa obtida na revisión da presa e do encoro non se puidesen deducir conclusións claras sobre o cumprimento dos requisitos de seguranza, o equipo revisor, ademais de informar desta circunstancia, emitirá un informe de seguranza parcial e propondrá a realización dos traballos e estudos complementarios que sexan necesarios para aclarar todas as súas conclusións. Se for o caso, se considera que pode cuestionarse a seguranza da presa, deberá informar das actuacións provisionais que se deban acometer en canto non se redacte o informe definitivo.

Realizadas as tarefas de obtención de datos complementarias necesarias, o equipo revisor emitirá o informe de revisión completo.

29.4 O informe de revisión, ademais de concluír acerca das condicións de seguranza de presa e encoro, propondrá as características xerais das modificacións que se consideren necesarias na presa, nas súas estruturas auxiliares, nos equipamentos, nos distintos sistemas, ou nas súas condicións de explotación definitivas ou temporais mentres se executan as modificacións incluídas no informe, así como no seu plan de emerxencia.

30. Revisión da documentación do arquivo técnico

30.1 Comprobarase que o arquivo técnico inclúe a documentación procedente especificada no número 26. Deberase tratar explicitamente o grao de adecuación desta, a calidade do seu contido, o seu grao de fiabilidade e, en suma, a súa validez para determinar a seguranza da presa.

30.2 Recompilarase, analizarase e establecerase un ditame, como mínimo, sobre os seguintes aspectos relativos á presa e ao encoro:

- Inspeccións, visitas ou recoñecementos e actuacións realizadas.
- Informes de comportamento e revisións de seguranza anteriores.

- Información hidrolóxica e hidráulica.
- Información xeolóxica, xeotécnica e sísmica.
- Contido e cumprimento das normas de explotación.

30.3 Revisarase a adecuación da clasificación da presa, das normas de explotación e do plan de emerxencia da presa, ás circunstancias existentes e, na medida en que o coñecemento científico e técnico o permita, a influencia que sobre o contido de todos eles poderían ter os efectos do cambio climático.

31. Inspección do estado da presa e as súas instalacións

31.1 Durante a inspección contrastarase a información extraída do arquivo técnico coa realidade da presa e do encoro. Inspeccionarase como mínimo a obra civil, a súa cimentación, as obras auxiliares, os elementos electromecánicos, as fontes de enerxía, o vaso do encoro, incluídas as súas ladeiras, e os accesos. Así mesmo, inspeccionarase os sistemas de auscultación e de comunicación, así como os asociados ao plan de emerxencia. Tamén se revisarán os resultados das últimas probas de funcionamento efectuadas nos órganos de desaugamento.

31.2 A inspección deberá coordinarse co director/a de explotación e contar coa presenza do seu equipo.

32. Análise da seguranza da presa e encoro

32.1 A análise da seguranza do sistema presa-encoro comprenderá, como mínimo, as seguintes avaliacións:

a) Seguranza estrutural: basearase, fundamentalmente, na valoración do comportamento estrutural da presa, apoiándose no historial do seu comportamento e nos recoñecementos específicos que se realízen. Ademais, analizarase o establecido na Norma técnica de seguranza para o proxecto, construción e posta en carga de presas e enchedura de encoros no relativo aos coeficientes de seguranza.

b) Seguranza hidrolóxica: basearase, fundamentalmente, na análise dos niveis alcanzados en situacións de enchente, dos abeiros e do comportamento hidráulico dos órganos de desaugamento e estruturas de restitución, tendo en conta os rexistros hidrolóxicos actualizados e a forma de explotación do sistema presa-encoro. Analizarase tamén esa seguranza segundo o establecido na Norma técnica de seguranza para o proxecto, construción e posta en carga de presas e enchedura de encoros.

Complementariamente, e na medida en que o coñecemento científico e técnico o permita, terase en conta a posible variación futura da distribución estacional das enchentes como consecuencia do cambio climático, con obxecto de prever a posibilidade de revisar os niveis que se alcanzarán e os abeiros que se manterán no encoro.

c) Seguranza sísmica: analizarase o grao de adecuación da presa e do encoro aos rexistros sísmicos actualizados na zona. Ademais, estudarase a seguranza estrutural da presa cando estea sometida aos sismos de proxecto e extremo, segundo o establecido na Norma técnica de seguranza para o proxecto, construción e posta en carga de presas e enchedura de encoros.

d) Seguranza e funcionalidade do sistema dos equipamentos electromecánicos, hidráulicos, de subministración de enerxía, dos sistemas de comunicacións e de aviso á poboación e do sistema de auscultación: analizarase a súa adecuación ás necesidades da presa e encoro, a conformidade dos equipamentos e instalacións coa normativa vixente, os resultados das probas de funcionamento e a idoneidade dos plans de mantemento incluídos nas normas de explotación. Complementariamente, examínase a funcionalidade do sistema de auscultación para comprobar se permite, xunto co plan de inspeccións incluído nas normas de explotación, a detección precoz de anomalías e cambios de comportamento da estrutura, instalacións ou encoro, e que poderían facer que perda parcial ou totalmente a función para a que foi deseñada.

e) Seguranza e estado dos accesos e outros: analizarase o grao de adecuación, en todas as situacións, dos accesos á presa, ao encoro, ás dependencias, aos órganos de desaugamento, aos elementos do plan de emerxencia e ás rutas principais de inspección. Tamén se examinará a idoneidade do equipo de explotación asignado polo titular á presa.

En todas as análises anteriores teranse en conta o coñecemento do comportamento histórico do sistema presa-encoro e as condicións de explotación, especialmente en situacións extraordinarias.

Poderase ter en conta, ademais, calquera outro aspecto non recollido anteriormente, sempre e cando este poida afectar a seguranza da presa e do encoro.

32.2 Os criterios de seguranza recollidos na Norma técnica de seguranza para o proxecto, construción e posta en carga de presas e enchedura de encoros son obrigatorios para a redacción dos novos proxectos de presas. Porén, para as presas existentes constitúen un marco de referencia que debe ter en conta o titular, xunto coa historia do comportamento da presa e as condicións en que ao longo da súa existencia se efectuase a explotación do encoro.

32.3 Se, tendo en conta a historia de explotación do encoro e o comportamento da presa, esta non cumpre con algunhas das exixencias de seguranza estrutural, hidrolóxica, sísmica ou funcional establecidas nas restantes normas técnicas de seguranza, o titular realizará unha análise pormenorizada de cada aspecto non conforme e, se for o caso, efectuará unha proposta de actuacións orientadas a aumentar os niveis de seguranza existentes. Esta análise poderá considerar os niveis máximos de explotación no encoro nos distintos períodos estacionais establecidos nas normas de explotación, a posibilidade de verter de forma segura por coroamento no caso de presas de fábrica, así como calquera outra circunstancia debidamente xustificada que poida supor unha marxe de seguranza adicional para a presa.

En calquera caso, o titular deberá acompañar as actuacións propostas cunha xustificación da súa viabilidade técnica e económica, así como con todas as implicacións que poden ter na explotación do sistema presa encoro.

33. Documento de revisión xeral

33.1 O documento final de revisión de seguranza incluírá:

- a) Descrición sucinta da presa, encoro, instalacións, accesos e elementos anexos que resulten significativos para a análise da seguranza.
- b) Resumo dos aspectos tratados nel e que fosen obxecto de revisión, xuntando o soporte documental correspondente.
- c) As conclusións relativas á análise de seguranza da presa e encoro realizado de acordo co establecido no número 32.
- d) Proposta de actuacións que se desenvolverán, con orzamento estimado e prazos de realización.
- e) Posibles limitacións á explotación de carácter definitivo ou provisional á espera dos traballos que se inclúsen na letra d) deste número.

33.2 O titular remitirá o documento final de revisión xeral da seguranza, ao cal queda vinculado, á Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros, que, no exercicio das súas competencias e de acordo cos procedementos administrativos establecidos ao respecto, concluirá a validez da avaliación realizada. Para tal efecto, ditará a resolución que proceda e realizará a notificación desta no prazo máximo dun ano contado desde o día seguinte ao de presentación da solicitude por parte do titular da presa.

Transcorrido o prazo dun ano sen que se notificase unha resolución expresa, o titular da presa entenderá desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

CAPÍTULO IV

Posta fóra de servizo

Sección I. Criterios básicos

34. Criterios básicos

34.1 Ante a eventualidade de que unha presa poida ser obxecto de posta fóra de servizo, por causa xustificada e, especialmente, cando sexa motivada por condicións de seguranza, será necesaria a redacción dun proxecto específico que recolla todos os requirimentos para levar a cabo tal actuación.

34.2 O cesamento definitivo da explotación dunha presa e o seu encoro estará suxeito a un procedemento de posta fóra de servizo que deberá iniciarse por instancias da Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros ou por petición do titular.

34.3 Non se permitirá o abandono dunha presa sen tomar as medidas adecuadas para garantir a seguranza da presa e a súa contorna e o cumprimento da normativa vixente en materia de augas e ambiente.

34.4 A presa que se vai pór fóra de servizo deberá sufrir as adaptacións necesarias para que non perturbe nocivamente a circulación da auga e permaneza en condicións de seguranza, en todos os momentos do proceso.

34.5 Deberán examinarse as posibles consecuencias da posta fóra de servizo dunha presa sobre os tramos de río afectados, incluíndo as condicións de explotación e seguranza das presas e encoros situados augas arriba e augas abaixo dela, e con especial atención aos aspectos relacionados con situacións de emerxencia.

35. Obrigacións do titular en relación coa posta fóra de servizo

35.1 O titular deberá elaborar un proxecto que defina os traballos que hai que realizar para reducir os riscos que poida provocar a nova situación da obra. Este proxecto será aprobado pola Administración hidráulica competente, logo de informe da Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros. A resolución que proceda e a súa notificación deberán producirse no prazo máximo dun ano contado desde o día seguinte ao de presentación da solicitude por parte do titular da presa.

Transcorrido o prazo dun ano sen que se notificase unha resolución expresa, o titular da presa entenderá desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

35.2 O titular será o responsable da execución das actuacións recollidas no proxecto de posta fóra de servizo da presa, así como do cumprimento das condicións impostas na súa aprobación. Así mesmo, será o responsable das condicións de seguranza durante toda a duración do proceso de posta fóra de servizo e até a súa completa finalización.

35.3 En particular, cando a Administración hidráulica competente decrete que, ademais da posta fóra de servizo da presa, é precisa a súa demolición, o seu titular estará obrigado a restaurar a zona do leito en que se localiza, e a contorna deste, ao estado natural e, se for o caso, á súa restauración hidrolóxica forestal de acordo coa lexislación aplicable en cada caso. Esas actividades constitúen, porén, unha materia allea á regulación que efectúan as normas técnicas de seguranza das presas e os seus encoros.

Sección II. Procedemento de posta fóra de servizo

36. Proxecto de posta fóra de servizo

36.1 O proxecto de posta fóra de servizo da presa e o seu encoro deberá definir todas as actuacións de acondicionamento preciso da infraestrutura, a súa contorna e zona de influencia.

36.2 O proxecto para a posta fóra de servizo debe recoller as medidas necesarias para garantir a seguranza da presa e a súa contorna, especialmente en canto atinxe á capacidade de descarga e á evacuación de caudais.

36.3 Para iniciar os traballos de posta fóra de servizo dunha presa ou encoro requírese que o proxecto correspondente fose aprobado pola Administración hidráulica competente, logo de informe da Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros, de acordo co establecido no número 35.1 da presente norma técnica de seguranza.

36.4 O proxecto de posta fóra de servizo incorporárase ao arquivo técnico da presa.

37. Execución das obras

37.1 A execución das obras precisas para a posta fóra de servizo da presa e o seu encoro realizarase conforme especificacións, condicións e prazos estipulados na resolución da Administración correspondente, no momento da súa finalización. O titular da presa estará obrigado a comunicar a finalización das obras á Administración que as autorizou.

37.2 A demolición total ou parcial dunha presa, ou a desmontaxe de calquera das súas estruturas accesorias debe basearse en técnicas e prácticas sancionadas pola experiencia, e levarse a cabo sen causar impactos significativos augas arriba ou augas abaixo dela, e sen que resulten afectadas as estruturas remanentes ou accesorias que poidan quedar en servizo.

37.3 As operacións de demolición, ou de desmontaxe, non deben ocasionar descargas de auga intempestivas, nin producir obstrucións ou reducións na capacidade de desaugamento do leito.

37.4 As estruturas e instalacións que poidan permanecer despois da posta fóra de servizo deben ser estables en todos os seus aspectos e non deben supor riscos para a seguranza pública.

38. Inspección final

Unha vez executadas as obras do proxecto de posta fóra de servizo e coñecida esta circunstancia pola Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros, esta efectuará, no prazo máximo de 6 meses contados desde o día seguinte a aquel en que se lle notifique a comunicación do titular da finalización destas, unha inspección da infraestrutura e a súa zona de influencia, e emitirá o informe pertinente. O dito informe será necesario para a aprobación final do procedemento de posta fóra de servizo por parte da Administración hidráulica competente, que ditará e notificará a correspondente resolución no prazo de 6 meses contados desde o día seguinte a aquel en que recibise o informe da Administración competente en materia de seguranza de presas e encoros. O informe de inspección final e a resolución incorporárase ao arquivo técnico da presa.